

PLENO DO PARLAMENTO

11 de xuño de 2019
10:00 horas

ÍNDICE

	<u><i>Páx.</i></u>
Convocatoria do Pleno	1
Relación de membros da Cámara	6
Listado para votación	8
Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 48166)	11
Punto 2. Textos legislativos	12
2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. dos Socialistas de Galicia, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia (doc. núm. 32346, 10/PPL-000025) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 322, do 19.06.2018</i>	13
2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (doc. núm. 47807, 10/PPL-000036) <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 454, do 02.04.2019</i>	61
Punto 3. Comparecencia	72
50470 (10/PPP-000101) Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga...	73
Punto 4. Moción	75
50408 (10/MOC-000147) Grupo Parlamentario de En Marea Miranda Pena, Flora María Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019).....	76

Punto 5. Proposicións non de lei.....	84
5.1 32252 (10/PNP-002425) Grupo Parlamentario de En Marea Sánchez García, Antón Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018</i>	85
5.2 39974 (10/PNP-002986) Grupo Parlamentario de En Marea Casal Vidal, Francisco Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018</i>	91
5.3 43898 (10/PNP-003267) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019</i>	95
5.4 47514 (10/PNP-003593) Grupo Parlamentario Popular de Galicia Prado del Río, Paula e 12 máis Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019.....</i>	100
5.5 49281 (10/PNP-003732) Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Presas Bergantiños, Noa e 5 máis Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019.....</i>	104

5.6	49347 (10/PNP-003738)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción	
	Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019</i>	109
5.7	49484 (10/PNP-003748)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela	
	Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019</i>	113
5.8	49983 (10/PNP-003784)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis	
	Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019</i>	117
	Punto 6. Interpelacións	122
6.1	8786 (10/INT-000373)	
	Grupo Parlamentario de En Marea	
	Solla Fernández, Eva	
	Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017</i>	123
6.2	43360 (10/INT-001431)	
	Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego	
	Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019</i>	127
6.3	48288 (10/INT-001597)	
	Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia	
	Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis	
	Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada	
	<i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019</i>	133

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta.....[136](#)

7.1 50473 (10/POPX-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica [137](#)

7.2 50492 (10/POPX-000152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco [139](#)

7.3 50494 (10/POPX-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia [141](#)

Punto 8. Preguntas ao Goberno.....[143](#)

8.1 48770 (10/POP-005826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019 [144](#)

8.2 50486 (10/PUP-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020 [147](#)

8.3 47343 (10/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroliaxes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019..... [150](#)

- 8.4 49961 (10/POP-005934)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019 [154](#)
- 8.5 49498 (10/POP-005897)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019 [157](#)
- 8.6 44092 (10/POP-005272)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019..... [160](#)
- 8.7 50005 (10/POP-005939)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019..... [163](#)
- 8.8 50489 (10/PUP-000253)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 4 máis
Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia..... [166](#)
- 8.9 48503 (10/POP-005794)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 8 máis
Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019..... [170](#)

8.10 49419 (10/POP-005889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019..... [174](#)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 11 de xuño de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 4 de xuño de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 48166)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. dos Socialistas de Galicia, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia (doc. núm. 32346, 10/PPL-000025)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 322, do 19.06.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (doc. núm. 47807, 10/PPL-000036)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 454, do 02.04.2019

Punto 3. Comparecencia

50470 (10/CPP-000101)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga

Punto 4. Moción

50408 (10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa

solicitud de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

- 5.2 39974 (10/PNP-002986)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 5.3 43898 (10/PNP-003267)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019
- 5.4 47514 (10/PNP-003593)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 12 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019
- 5.5 49281 (10/PNP-003732)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019
- 5.6 49347 (10/PNP-003738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019
- 5.7 49484 (10/PNP-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019

- 5.8 49983 (10/PNP-003784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

Punto 6. Interpelacións

- 6.1 8786 (10/INT-000373)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017
- 6.2 43360 (10/INT-001431)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 417, do 23.01.2019
- 6.3 48288 (10/INT-001597)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 7.1 50473 (10/POPX-000151)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica
- 7.2 50492 (10/POPX-000152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco

- 7.3 50494 (10/POPX-000153)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia

Punto 8. Preguntas ao Goberno

- 8.1 48770 (10/POP-005826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 8.2 50486 (10/PUP-000252)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020
- 8.3 47343 (10/POP-005647)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroliaxes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 8.4 49961 (10/POP-005934)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019
- 8.5 49498 (10/POP-005897)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019
- 8.6 44092 (10/POP-005272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 423, do 31.01.2019

- 8.7 50005 (10/POP-005939)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019
- 8.8 50489 (10/PUP-000253)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 4 máis
Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia
- 8.9 48503 (10/POP-005794)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 8.10 49419 (10/POP-005889)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Flora María Miranda Pena	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura**

(actualizada 9 de outubro de 2018)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Cal Ogando, Marcos	EM			
8. Casal Vidal, Francisco	EM			
9. Castiñeira Broz, Jaime	P			
10. Chao Pérez, Luca	EM			
11. Cuña Bóveda, María de los Angeles	EM			
12. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Fernández, Raúl	S			
15. Fernández Gil, César Manuel	P			
16. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
17. Fernández Prado, Martín	P			
18. García Míguez, María Angeles	P			
19. Gómez Salgado, Carlos	P			
20. Lago Peñas, José Manuel	EM			
21. Losada Alvarez, Abel Fermín	S			
22. Mato Otero, Beatriz	P			
23. Miranda Pena, Flora María	EM			
24. Moreira Ferro, Jacobo	P			
25. Mouriño Villar, Antonio	P			
26. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
27. Novo Fariña, María Isabel	P			
28. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
29. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
30. Otero Rodríguez, Patricia	S			

31. Oubiña Solla, Rosa	P			
32. Pazos Couñago, José Alberto	P			
33. Pérez Seco, José Manuel	S			
34. Pierres López, María Luisa	S			
35. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
36. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
37. Prado del Río, Paula	P			
38. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quintero Araújo, Paula	EM			
42. Rey Varela, José Manuel	P			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Torregrosa Sañudo, Julia	EM			
59. Trenor López, Gonzalo	P			
60. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel	P			
61. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
62. Vázquez Verao, Paula	EM			
63. Vega Pérez, Daniel	P			
64. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
65. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 48166)

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña en representación do Parlamento de Galicia

O 2 de abril de 2019, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña no que solicita, con motivo do cesamento dun dos membros do Consello Social designados polo Parlamento o 26 de setembro de 2017, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa substitución (doc. núm. 48166).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 4 de xuño de 2019.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia aprobados o 17 de setembro de 2013.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo dunha candidata ou candidato.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 10 de xuño de 2019.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Diego Calvo Pouso,
Vicepresidente 1º

Firmado digitalmente por Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º,
email=diego.calvo.pouso@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.06.05 09:42:52 +02'00'

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.06.2019

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia (doc. núm. 32346, 10/PPL-000025)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 32346(10/PPL-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para a protección dos dereitos das persoas
consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e
créditos hipotecarios en Galicia

Publicación da iniciativa, 322, 19.06.2018

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Proposición de lei para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia

Exposición de motivos

O artigo 51 da Constitución española establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos destas e que promoverán a información e a educación das persoas consumidoras e usuarias, fomentarán as súas organizacións e oírán a estas nas cuestións que poidan afectar a aqueles, nos termos que a Lei estableza.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30.I. Catro, establece que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia. A Comunidade galega, sobre a base desta competencia, aprobou a Lei 12/1984, de 28 de decembro, do Estatuto galego do consumidor e o usuario.

Pasados 28 anos desde a aprobación do Estatuto galego do consumidor e o usuario, a Comunidade autónoma galega aprobou a Lei 2/2012, de 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para actualizar a norma e integrala de xeito harmónico co desenvolvemento normativo a nivel estatal e da Unión Europea, regulamentándose aspectos esenciais da actuación administrativa en materia de consumo e os dereitos á protección dos lexítimos intereses económicos das persoas consumidoras e usuarias; así como a unha información veraz, suficiente, comprensible, inequívoca e racional sobre as operacións e sobre os bens e servizos susceptibles de uso e consumo.

Grupo Parlamentario

Por outra banda, en canto ás competencias da Comunidade Autónoma en materia de defensa da competencia, tratase dunha competencia executiva das comunidades autónomas con competencias en materia de comercio interior para aplicar no seu territorio as normas de defensa da competencia no que se refire ás condutas que teñan, ou poidan ter, efectos restritivos sobre a libre concorrencia nos mercados. Facendo uso desas competencias promulgouse a Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que foi substituída pola Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tendo en conta este marco competencial, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que terá como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar das persoas consumidoras e usuarias, e no Decreto 118/2016, do 4 de agosto polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos, establece no seu artigo 4, letra i) o seguinte: “ Velar para que os produtos e servizos postos a disposición das persoas consumidoras e usuarias incorporen a información e os niveis de seguridade legalmente exixibles, e realizar campañas de control nos diferentes sectores do mercado galego, de maneira especial das dirixidas a evitar a fraude, a publicidade enganosa ou a utilización de cláusulas abusivas.”

Dentro do marco de protección dos intereses económicos atópase o sector dos servizos financeiros, que demanda unha regulación específica hoxe inexistente, atendendo á complexidade dos contratos que se formalizan neste ámbito, esixindo, algúns contratos financeiros, unha seguridade xurídica reforzada, como ocorre cos préstamos ou créditos hipotecarios, xa que nestes non só concorren os intereses particulares das partes, senón que existe un interese público subxacente cuxa tutela lexitima unha intervención máis intensa das administracións públicas.



Grupo Parlamentario

Os préstamos hipotecarios concedidos por persoas físicas ou xurídicas que non sexan entidades de crédito están reguladas pola Lei 2/2009, de 31 de marzo, pola que se regula a contratación cos consumidores de préstamos ou créditos hipotecarios e de servizos de mediación para o desenvolvemento de contratos de préstamo ou crédito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As entidades de crédito suxeitas á supervisión do Banco de España, en materia de transparencia das condicións financeiras dos ditos préstamos hipotecarios, están reguladas na Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, ou a Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pago, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos. Outras normas estatais que regulan aspectos nesta materia son a Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, ou a Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.

Xa que logo, temos un amplo conxunto de normas que inciden sobre o préstamo hipotecario, pero a realidade pon de manifesto que non foron abordadas todas as necesidades de protección das persoas consumidoras e usuarias fronte a un sector tan dinámico como o financeiro, e, en concreto, no caso dos préstamos ou créditos hipotecarios, aos que se teñen engadido cláusulas ou produtos complementarios que os fan aínda máis complexos e opacos.

Nos últimos tempos, foron aparecendo determinados produtos financeiros que á hora de avaliar a solvencia do debedor e concederlle un determinado produto, a falla de transparencia na información facilitada ás persoas consumidoras e usuarias sobre a verdadeira natureza e alcance dos produtos subscritos, nos lles permitiu poder tomar a decisión máis axeitada e facer unha verdadeira avaliación dos riscos. Esta falla de transparencia deuse no procedemento de formalización da escritura do préstamo e ao longo de toda a súa vixencia.

Grupo Parlamentario

Este xeito de actuar, xunto coa concorrencia da grave crise económica deu como resultado un gran número de desafiuzamentos en vivendas por falta de pagamento dos préstamos hipotecarios, así como o aumento das dificultades que moitas persoas teñen para atender os seus pagos, co conseguinte risco de perder a súa vivenda habitual.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xa que logo, é innegable a necesidade de incidir nunha maior protección das persoas consumidoras e usuarias tanto nas fases previas ao proceso de contratación do préstamo hipotecario, reforzando a posición daquelas neste tipo de produtos, regulando o deber de información e documentación dos operadores implicados durante todo o *íter* contractual; como na fase posterior á sinatura do contrato, co ofrecemento de solucións extraxudiciais ás partes, cando non sexa posible atender as obrigas económicas derivadas dos contratos de préstamos hipotecarios, tendentes á conservación da vivenda. Por este motivo, é necesario regular normativamente a transparencia na información que se lles debe facilitar na subscrición de préstamos hipotecarios sobre unha vivenda, ben sexa habitual ou non, e que se desenvolva o arbitraje nesta materia.

Así, o entendeu o lexislador europeo, coa aprobación da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, sobre os contratos de crédito celebrados cos consumidores para bens inmoables de uso residencial e pola que se modifican as Directivas 2008/48/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010.

É necesario destacar que a protección prevista nesta lei só se asegura con medidas administrativas e, polo tanto, non supón ningunha obriga civil ou mercantil, circunscibíndose ao ámbito propio da defensa das persoas consumidoras e usuarias, en consonancia ca competencia propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta lei tense en conta o principio de transversalidade da igualdade de xénero contemplado no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Igualmente en materia financeira, son extraordinariamente relevantes os acontecementos acaecidos nos tempos recentes, que inciden de xeito substancial no ámbito do consumo dos bens e servizos deste tipo, sendo preciso regular un dos aspectos máis opacos e de difícil acceso para a clientela como é a información acerca de quen posúe a titularidade xurídica da relación financeira derivada dun contrato de préstamo concertado cunha entidade bancaria, cando se producen transmisións dos dereitos derivados de tal contrato de préstamo. Saber quen é o suxeito que ocupa a outra parte dunha relación contractual financeira ten unha importancia vital para o consumidor e a consumidora, como recoñecen na actualidade numerosas resolucións da xurisprudencia.

Na actualidade, o réxime xurídico das titulizacións, os fondos de titulización, os requisitos para a súa constitución e extinción, e os das sociedades xestoras de fondos de titulización aparecen regulados na Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, e están suxeitos ao réxime de supervisión e sanción a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Pero esta normativa reguladora da titulización dos préstamos e créditos non establece a obrigaçión de informar o debedor cando se produce unha cesión do préstamo a un fondo de titulización. Na práctica, e aínda que o artigo 242 do Decreto do 14 de febreiro de 1947, polo que se aproba o Regulamento hipotecario, é actualmente a única norma estatal que establece a obrigaçión de notificar a cesión ao debedor, salvo que renunciase a este dereito en escritura pública, o certo é que non se establece unha información pormenorizada en relación coa devandita cesión de modo que a persoa debedora non se atope desprotexida en determinadas situacións. Co cal, as dificultades coas que consumidores e as consumidoras se atopan á hora de pescudar se o seu crédito foi ou non obxecto de transmisión son enormes.

Ante unha situación de indefensión que se produce de feito pola imposibilidade material de acceder a unha información que pode ser vital para un consumidor ou consumidora inmerso nunha situación de falta de pagamento dun préstamo, e máxime nos casos de execucións xudiciais do dereito de hipoteca, é necesaria unha protección elemental: facilitar que calquera consumidor e consumidora poida dispoñer da información sobre a titularidade e identidade do acredor. Así, do anteriormente exposto dedúcese que a existencia ou a inexistencia desta

Grupo Parlamentario

información relativa á titulización dun préstamo hipotecario pode afectar directamente aos intereses de quen subscribe un préstamo destas características, en tanto que pode dar lugar a unha situación procesual na que están en risco a propiedade e a permanencia do consumidor e consumidora e a súa familia nun ben de primeira necesidade como é a vivenda.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta lei é garantir a protección das persoas consumidoras e usuarias, regulando a transparencia e o acceso á información que se lles debe facilitar na subscrición de préstamos ou créditos hipotecarios (en adiante, préstamos hipotecarios) sobre unha vivenda, incluíndo o dereito á información na súa posible titulización.

Artigo 2. Ámbito de aplicación e réxime xurídico

1. O ámbito de aplicación desta lei circunscríbese aos contratos de préstamos hipotecarios sobre unha vivenda que se formalicen ou se desenvolvan no territorio da comunidade autónoma de Galicia entre persoas consumidoras e usuarias e as empresas prestamistas segundo as definicións establecidas no artigo 4.

2. A protección contemplada nesta norma estenderase tamén ás persoas que como garantes interveñan na operación do préstamo hipotecario suscrito por unha persoa consumidora ou usuaria.

3. O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto noutras leis xerais ou na normativa de protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, así como calquera outra de carácter xeral que se poida ditar na materia.

 Grupo Parlamentario

Artigo 3. Irrenunciabilidade de dereitos

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A renuncia previa aos dereitos recoñecidos nesta lei ás persoas consumidoras e usuarias é nula, sendo, de igual xeito, nulos os actos realizados con fraude de lei, de conformidade co previsto no artigo 6 do Código Civil.

Artigo 4. Definicións

Aos efectos da Lei, entenderase por:

a) Persoa consumidora e usuaria: toda persoa física ou xurídica que, adquira, utilice ou desfrute como destinatario final de bens ou servizos.

Non teñen esta consideración as persoas físicas ou xurídicas que, sen constituírse en destinatarios finais, adquiren, utilicen ou desfruten de bens ou servizos co fin de integralos na organización ou exercicio dunha actividade empresarial, profesional ou de prestación de servizos, incluídos os públicos.

As referencias efectuadas nesta lei ás persoas consumidoras entenderanse feitas ás persoas consumidoras e usuarias.

b) Destinatarios finais:

- As persoas físicas que adquiren, utilicen ou desfruten de bens ou servizos cuxa exclusiva finalidade sexa o uso ou desfrute persoal, familiar ou doméstico.

- As persoas xurídicas que adquiren, utilicen ou desfruten de bens ou servizos destinados de forma desinteresada, gratuíta ou sen ánimo de lucro aos seus traballadores, socios ou membros, ou para elas mesmas.

Grupo Parlamentario

- As entidades asociativas sen personalidade xurídica que adquiran, utilicen ou desfruten de bens ou servizos sen ánimo de lucro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

c) Bens ou servizos: calquera produto, actividades ou funcións, utilizadas polas persoas consumidoras ou usuarias, independentemente do carácter individual ou social, público ou privado, de quen os produza, subministren ou os presten.

d) Bens de primeira necesidade e servizos esenciais: aqueles que polos seus singulares características resulten básicos para as persoas consumidoras ou usuarias, ou sexan de uso ou consumo común ordinario e xeneralizado.

e) Órganos de defensa do consumidor: os órganos administrativos que, nas administracións públicas que teñen atribuídas competencias en materia de defensa e protección das persoas consumidoras ou usuarias, exercen as ditas competencias.

f) Servizos da sociedade da información: aqueles servizos que, de conformidade coa normativa comunitaria e estatal e coas exclusións que nelas se establezan en cada momento, se prestan, xeralmente a cambio dunha remuneración, sen que as partes estean presentes simultaneamente, por vía electrónica e a petición individual do seu destinatario.

g) Persoas garante: calquera persoa que garante a operación de préstamo hipotecario subscrito por unha persoa consumidora ou usuaria. Entenderase que inclúe ás persoas fiadoras, avalistas, hipotecantes non debedoras e outras que poidan prestar garantía sempre que interveñan á marxe dunha actividade empresarial, profesional ou de prestación de servizos.

h) Empresas prestamistas:

Grupo Parlamentario

– Calquera das entidades de crédito enumeradas no artigo 1.2 da Lei 10/2014, de 26 do xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

– Toda persoa física ou xurídica que, non sendo entidade de crédito, realice, de maneira profesional, unha actividade consistente na concesión de préstamos hipotecarios sobre unha vivenda, de conformidade co establecido no artigo 1.a) de la lei 2/2009, de 31 de marzo.

I) Servizos de mediación: toda persoa física ou xurídica que, non sendo entidade de crédito, realice, de maneira profesional, unha actividade de mediación para o desenvolvemento dun contrato de préstamo ou crédito hipotecario, a unha persoa consumidora e usuaria, mediante a presentación, proposta ou realización de traballos preparatorios para a desenvolvemento dos mencionados contratos, incluída, no seu caso, a posta a disposición dos contratos ás persoas consumidoras e usuarias para a súa subscrición, de conformidade co establecido no artigo 1 b) da Lei 2/2009, de 31 de marzo.

Admitirase a consideración de axencias de mediación ás persoas físicas ou xurídicas que interveñan no proceso informativo e preparatorio dos préstamos hipotecarios, sempre que concorra, en cada caso, o que establece a Lei 2/2009, do 31 de marzo, pola que se regula a contratación cos consumidores de préstamos ou créditos hipotecarios e de servizos de mediación para o desenvolvemento de contratos de préstamo ou crédito, nos seus artigos 1.1.b) e 22, nos que obriga a pactar nun contrato escrito o tipo de servizo e prezos de mediación, todo iso sen menoscabo da Directiva 2009/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello e calquera outra norma que resulte de aplicación.

j) Hipoteca titulizada: préstamo con garantía hipotecaria contratado por unha persoa ou persoas consumidoras e usuarias cunha entidade de crédito cuxa actuación no territorio da comunidade autónoma de Galicia estea suxeita á supervisión do Banco de España, que teñan cedidos por calquera título a un fondo de titulización de acordo co establecido na Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e na Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime

Grupo Parlamentario

de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria, así como nas normas que as desenvolven.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

k) Crédito titulado: débeda sen garantía hipotecaria, con garantías doutro tipo ou sen garantía real de ningún tipo, contraída por unha persoa ou persoas consumidoras e usuarias de servizos, que fose cedida por calquera título e en calquera modalidade a fondos, entes ou empresas instrumentais dedicadas a operacións de titulización.

l) Retitulización: a operación de titulización na que o risco asociado a un conxunto de exposicións subxacentes está dividido en tramos e polo menos unha das exposicións subxacentes é unha posición nunha titulización.

m) Posición nunha retitulización: a exposición fronte a unha retitulización nos termos das directivas comunitarias reguladoras das actividades de entidades de crédito e empresas de investimento.

Artigo 5. Criterios de actuación das empresas prestamistas e os servizos de mediación

1. No proceso de contratación de préstamos hipotecarios, as empresas prestamistas e os servizos de mediación actuarán de boa fe, con obxectividade, imparcialidade, honesta e profesionalmente, facilitando a información de forma correcta, completa, veraz, obxectiva e adaptada ás circunstancias das persoas consumidoras e usuarias e garantes, de ser o caso, de acordo co previsto no artigo 6.1.

2. As empresas prestamistas levarán a cabo prácticas para a concesión responsable de préstamos hipotecarios ás persoas consumidoras e usuarias, de acordo co previsto no artigo 29 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

Grupo Parlamentario

3. A accesibilidade das persoas con discapacidade á información prevista nesta norma deberá garantirse nos termos esixidos no Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

TÍTULO I

Da información ás persoas consumidoras e usuarias e das actuacións preparatorias

Artigo 6. Explicacións adecuadas

1. As empresas prestamistas e os servizos de mediación facilitarán explicacións axeitadas ás persoas consumidoras e usuarias e, no seu caso, ás garantas na información sobre a concesión de préstamos hipotecarios e acerca dos servizos accesorios que deles se deriven para que poidan comparar e valorar outras ofertas e adoptar unha decisión informada e formada sobre a operación que van concertar.

2. As explicacións comprenderán a aclaración do contido e os termos da información precontratual, da personalizada, da oferta vinculante, e de toda aquela que sexa subministrada ata o outorgamento da escritura pública de acordo co previsto nesta lei, en especial sobre o modo de cálculo das cotas e doutros posibles costes ou penalizacións, así como unha clara descrición das obrigas asumidas e das consecuencias que tanto o desenvolvemento do contrato como o seu incumprimento poderían ter.

3. As explicacións adecuadas deberán ser sinxelas e comprensibles, evitando o uso de tecnicismos, e adaptaranse ás circunstancias persoais e económicas da persoa ás que van dirixidas, atendendo ao seu nivel de coñecementos e de experiencia na materia de préstamo hipotecario, así como ás da situación e do medio no que se facilitan, e as da complexidade do préstamo ofrecido.



Grupo Parlamentario

4. As persoas empregadas da empresa prestamista que faciliten estas explicacións adecuadas, con independencia do medio empregado, deberán identificarse ante as persoas destinatarias delas. En calquera caso, quedará constancia por escrito desta identificación cando se subministre a información personalizada e que se facilite sobre a oferta vinculante, de acordo cos artigos 10 e 14.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Se a información se pon a disposición a través dun medio non presencial ou a distancia, deberá indicarse de forma visible un número de teléfono gratuíto no que a persoa consumidora e usuaria e, no seu caso, a garante poidan obter as explicacións axeitadas ás que se refire este artigo.

6. A mera entrega dos documentos comprensivos da información precontractual, personalizada e da oferta vinculante non exime de facilitar as correspondentes explicacións adecuadas.

7. As empresas prestamistas e os servizos de mediación facilitarán explicacións axeitadas ás persoas consumidoras e usuarias sobre a cesión de créditos a fondos de titulización ou outras entidades de investimento similares, para o que:

a) As entidades financeiras que teñan cedido un crédito hipotecario ou crédito ordinario a un fondo de titulización, ente ou sociedade instrumental, deberán informar por escrito desta cesión á persoa ou persoas coas que se asinase o contrato de préstamo garantido con hipoteca ou outro tipo de préstamo con distinta garantía ou sen garantía, así como ás persoas garantes ou avalistas, se as houber.

b) Igual obriga teñen as persoas titulares de dereitos de crédito que naceron de débedas contraídas polas persoas consumidoras e usuarias con outras entidades, empresas comerciais ou de servizos que fosen cedidos a terceiros baixo calquera modalidade.

Grupo Parlamentario

c) Esta notificación da cesión, transmisión, titulización ou retitulización farase de oficio por parte da entidade ou empresa no momento de se producir ou en calquera outro momento, a pedimento da persoa interesada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

d) O prazo de comunicación non poderá superar, en ningún caso, os cinco días hábiles desde que se produce a titulización ou retitulización do préstamo hipotecario ou do crédito ou a cesión a entidades de investimento de calquera natureza.

e) O mesmo prazo rexerá desde a solicitude de información feita pola parte debedora, no caso dos préstamos titulizados, retitulizados ou cedidos a entidades de investimentos antes da entrada en vigor desta lei.

e) No caso de solicitude de información, a entidade deberá entregar á persoa solicitante, un xustificante no que conste a data, os datos da persoa solicitante e da entidade destinataria.

8. A notificación da información sobre a personalidade do novo acreedor farase mediante correo postal e electrónico, no que se indique a súa identidade, así como todos os datos que permitan a identificación sinxela e comprensible da:

a) Data da escritura de cesión, transmisión, titulización ou retitulización do crédito ou a cesión a entidades de investimento.

b) Data de constitución do fondo de titulización, ente ou empresa instrumental adquirente.

c) Páxina do documento de constitución do fondo de titulización, das retitulizacións ou das cesións a entidades de investimento, nas que se encontra o crédito do consumidor.

Grupo Parlamentario

d) Do código do crédito da persoa consumidora e usuaria, de maneira que esta poida identificar e localizar o documento e páxina indicados na súa débeda.

e) Do prezo en euros da transmisión. No caso da cesión a entidades de investimento, se informará tanto do valor total da emisión do cedente como do valor total de compra do cesionario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

9. No caso de que a entidade conserve a titularidade do crédito, farase constar na información entregada á persoa consumidora a manifestación de que continúa a ser acreedora.

Artigo 7. Comunicacóns comerciais e publicidade

1. As comunicacóns comerciais e publicidade que fagan as empresas prestamistas e os servizos de mediación acerca dos préstamos hipotecarios que oferten non deberán xerar falsas expectativas sobre a súa dispoñibilidade ou coste nin ser constitutivas de prácticas comerciais desleais cara a persoa consumidora e usuaria. A información que figure nelas debe ser clara, lexible, concisa e non enganosa.

2. Se nas comunicacóns comerciais e na publicidade se indicase un tipo de interese ou calquera cifra relacionada co coste do préstamo, para que a persoa consumidora e usuaria poida coñecer os seus elementos esenciais e comparala co resto de ofertas existentes no mercado, será necesario especificar, mediante un exemplo representativo, a seguinte información básica:

a) A identidade da empresa prestamista ou do servizo de mediación.

b) A indicación de que o produto publicitado é un préstamo hipotecario sobre a vivenda.

 **Grupo Parlamentario**

c) O tipo de interese, se este é fixo, variable ou referenciado, calquera cifra relacionada co coste do préstamo, así como, no seu caso, a existencia de cláusulas limitativas da variación do tipo de interese.

 Partido dos Socialistas de Galicia

d) O importe total do préstamo, a taxa anual equivalente, a duración do contrato, o importe e o número das cotas, e o importe total que haberá de aboar a persoa consumidora e usuaria.

e) A indicación de se o préstamo hipotecario e as condicións se ofertan de maneira vinculada con produtos ou servizos accesorios e, polo tanto, sen condicións alternativas no caso da súa non subscrición, ou ben de maneira combinada e, polo tanto, con carácter opcional, facendo referencia ás condicións alternativas no caso da súa non subscrición e a posibilidade de contratar cada un de ditos servizos accesorios separadamente. En todo caso, deberá indicarse unha relación dos produtos ou servizos accesorios dos que se trate (seguros, plans de pensións, tarxetas de crédito ou outros semellantes).

f) A desagregación de comisións e gastos preparatorios nos que se incorra, coa indicación do seu importe.

g) A advertencia de que, no caso de incumprimento dos compromisos derivados do contrato de préstamo garantido con hipoteca, existe o risco de perda da vivenda.

h) A indicación expresa de se a garantía do préstamo se fará efectiva soamente sobre os bens hipotecados, non alcanzando a responsabilidade do debedor aos demais bens do seu patrimonio, de acordo co artigo 140 do Decreto do 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei hipotecaria, ou se, pola contra, responde con todos os seus bens presentes e futuros conforme ao artigo 105 da dita lei e ao artigo 1911 do Código civil.

i) O prazo de vixencia das condicións sinaladas.

 Grupo Parlamentario

j) A advertencia sobre o feito de que as posibles variacións do tipo de cambio poderían afectar ao importe debido, cando proceda.

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. A efectos do previsto no apartado anterior, promulgarase un exemplo representativo que tomará como referencia as condicións sobre o importe e duración dunha hipoteca que fixe a Administración autonómica, en funcións dos datos oficiais sobre estatísticas de hipotecas en Galicia.

4. A información básica prevista no apartado 2 deste artigo será esixible nas comunicacións comerciais e publicidade que efectúen as empresas prestamistas e os servizos de mediación a través de calquera medio de comunicación ou na súa propia páxina *web* e nos anuncios e ofertas exhibidas nos seus establecementos abertos ao público nos que se oferten préstamos hipotecarios, debendo ser facilmente lexible ou claramente audible, segundo sexa o caso, en función do medio empregado para a publicidade e comercialización.

5. A información básica e a complementaria que condicione a primeira presentarse de forma destacada e ao mesmo tamaño. O resto da información que figure na comunicación comercial e publicidade non poderá presentarse cun tamaño maior que o da dita información básica e complementaria.

6. No suposto de que a oferta publicitaria dunha promoción de vivendas se inclúa coma forma de financiamento a subrogación das persoas consumidoras e usuarias nun préstamo non concertado por estas, deberase facilitar a información básica á que se refire o apartado 2, xunto coa indicación de que non teñen a obriga de subrogarse na hipoteca constituída, podendo acordar unha nova operación de préstamo hipotecario para conseguir o mesmo fin.

 Grupo Parlamentario

Artigo 8. Índice de documentación de entrega preceptiva e cartel informativo

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. As persoas consumidoras e usuarias que desexen concertar un préstamo hipotecario teñen dereito a que se lles entregue un índice de documentación de entrega preceptiva (IDEP), de acordo co modelo que figura no anexo I, no que se relacionarán todos os documentos que, conforme aos artigos 9, 10 e 14, as empresas prestamistas e os servizos de mediación teñen que subministrar de forma obrigatoria ata a súa formalización, e que son os seguintes:

a) A Ficha de Información Precontractual (Fipre) ou folleto informativo, no seu caso, e o Documento de Información Precontractual Complementaria (Diprec).

b) A Ficha de Información Personalizada (Fiper) ou documento con información previa ao contrato, no seu caso, e o Documento de Información personalizada Complementaria (DIPERC), así como os seguintes documentos, no caso de que procedan:

- O documento de información adicional á Fiper.
- Os anexos sobre os instrumentos de cobertura do risco do tipo de xuro.
- Os anexos sobre as cláusulas chan e teito.

2. As empresas prestamistas e os servizos de mediación que oferten préstamos hipotecarios deberán poñer a disposición das persoas consumidoras e usuarias o dito índice nos seus establecementos abertos ao público e no apartado correspondente das súas páxinas *web*, debendo entregarse a toda persoa consumidora e usuaria que solicite información sobre os préstamos hipotecarios que ofertan.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Do mesmo xeito, deberán exhibir nestas oficinas, de forma perfectamente visible, un cartel informativo no que se indique que: «A persoa consumidora e usuaria que desexe concertar un préstamo hipotecario sobre unha vivenda ten dereito a que se lle entregue un índice de documentación de entrega preceptiva (IDEP), no que se relacionen todos os documentos que se lle teñen que subministrar de forma obrigatoria ata a súa formalización», facendo referencia expresa inmediatamente debaixo desta lenda á presente lei, de acordo co modelo que figura no anexo II. Esta advertencia deberá estar perfectamente visible nas súas páxinas *web*.

4. A entrega do Índice de Documentación de Entrega Preceptiva non presuporá de ningún xeito a entrega de todos os documentos obrigatorios, que se deberá acreditar para cada documento, en concreto polos medios de probas fidedignas previstos no ordenamento.

Artigo 9. Información precontractual

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 7, sobre comunicacións comerciais e publicidade, as empresas prestamistas e os servizos de mediación deberán facilitar unha información precontractual de carácter xeral, que sexa clara e suficiente, sobre os préstamos hipotecarios que ofertan, de forma que permita á persoa consumidora e usuaria valorar a posible subscripción do contrato.

Esta información, que se subministrará en todo caso en formato papel e, ademais, en calquera soporte duradeiro que posibilite unha axeitada conservación, reprodución e acceso a ela, será gratuíta e se facilitará mediante a entrega dos documentos que conforman a información precontractual establecidos pola normativa estatal vixente, aos que se acompañará o Documento da Información Precontractual Complementaria (Diprec) regulado neste precepto, de acordo co previsto no artigo 8.1.a).



Grupo Parlamentario

2. A información regulada neste artigo estará accesible ás persoas consumidoras e usuarias sen necesidade de que sexa solicitada por elas, ben sexa a través da súa páxina *web* ou das súas oficinas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. No Documento de Información Precontractual Complementaria as empresas prestamistas e os servizos de mediación deberán informar, mediante un exemplo representativo, como mínimo dos seguintes extremos:

a) A indicación expresa de se a garantía do préstamo se fará efectiva unicamente sobre os bens hipotecados, non acadando a responsabilidade do debedor aos demais bens do seu patrimonio de acordo co artigo 140 da Lei hipotecaria, ou se, polo contrario, responde con todos os seus bens presentes e futuros conforme ao artigo 105 da dita lei e no artigo 1911 del Código civil.

b) A indicación da existencia de varios modelos de amortización, sinalando as implicacións e consecuencias do ofertado, en canto á aplicación das cotas ao pago dos xuros do préstamo e do capital para a súa amortización.

c) No caso de préstamos a tipo de xuro variable, unha táboa das oscilacións na contía total do préstamo tomando como referencia o préstamo hipotecario do apartado 4 deste artigo, indicando de forma salientable o importe máis alto e máis baixo que pode ter a cota mensual ao longo do período previsto de amortización, tendo como base a variación que ten sufrido o índice de referencia, polo menos, nos últimos vinte e cinco anos. Se o préstamo incorporase unha cláusula chan/teito, na táboa reflectiranse as oscilacións con referencia ao tipo de xuro mínimo e máximo a aplicar e a cota de amortización máxima e mínima. Para iso, informárase de forma resaltada das cotas que resultan afectadas polas ditas cláusulas mediante unha dobre expresión da que resultaría da aplicación, por unha banda, do tipo de xuro pactado e, por outro, da cláusula chan/teito.

Grupo Parlamentario

Con independencia do anterior, na cabeceira desta táboa reflectirase de forma destacada o importe da cota correspondente á cláusula chan/teito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

d) No caso de que o préstamo se comercialice vinculado cun produto ou instrumento para cubrir o risco de subidas dos tipos de intereses (swaps, clips u instrumentos análogos), advertirase expresamente diso, así como dos riscos especiais que implica para a persoa consumidora e usuaria, incluíndo unha táboa de oscilacións de modo análogo á da letra anterior.

e) Conforme ao artigo 12 desta lei, a indicación de se o préstamo hipotecario e as súas condicións ofértanse de maneira vinculada con produtos ou servizos accesorios e, polo tanto, sen condicións alternativas no caso da súa non subscripción, ou ben de maneira combinada e, polo tanto, con carácter opcional, facendo referencia ás condicións alternativas no caso da súa non subscripción e á posibilidade de contratar cada un dos ditos servizos accesorios separadamente. En todo caso, deberase indicar unha relación dos produtos ou servizos accesorios dos que se trate (seguros, plans de pensións, tarxetas de crédito ou outros similares), e, si se esixe a contratación dunha póliza de seguro, que a empresa prestamista ten a obriga de aceptar a de calquera provedor distinto do ofrecido por esta cando dita póliza posúa un nivel de garantía equivalente.

f) O tipo de xuro de demora aplicable e a súa forma de cálculo. A súa determinación é allea á entidade, e o seu cálculo farase como estableza a normativa estatal que resulte de aplicación, a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social.

g) A referencia á documentación que deberá presentar a persoa consumidora e usuaria á empresa prestamista para levar a cabo a avaliación da solvencia e o prazo no que se ten que facilitar.

Grupo Parlamentario

h) A indicación do dereito da persoa consumidora e usuaria de achegar unha taxación do ben inmovible, que terá que ser aceptada pola empresa prestamista, sempre que sexa certificada por un taxador homologado de conformidade coa Lei do mercado hipotecario e non estea caducada segundo o disposto legalmente, non podendo cargar ningún gasto adicional polas comprobacións que estas fagan sobre a dita taxación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

i) A mención de que non existe obriga legal para a persoa consumidora e usuaria de constituír ningún seguro, sen prexuízo de que, de conformidade co previsto na normativa reguladora do mercado hipotecario, se pacte contractualmente a formalización dun seguro de danos por incendio e elementos naturais na vivenda (continente), que poderá ser subscrito con calquera entidade.

j) O dereito a solicitar a entrega dunha oferta vinculante, con indicación das súas condicións e do seu prazo de validez.

k) A referencia á posible existencia de desgravacións fiscais ou axudas públicas para a adquisición de vivenda pola persoa consumidora e usuaria.

l) A indicación de se a empresa prestamista ou o servizo de mediación está adherido voluntariamente a algún código de conducta e/ou ao Sistema Arbitral de Consumo.

m) O dereito da persoa consumidora e usuaria á libre elección de notario, de acordo coa normativa estatal vixente sobre réxime e organización do notariado.

n) O dereito a examinar o proxecto de escritura pública no despacho do notario que autoriza, e dispor dunha copia del, polo menos, durante tres días hábiles anteriores á súa formalización ante o dito notario.

Grupo Parlamentario

ñ) As implicacións correspondentes para a persoa consumidora e usuaria, mediante as seguintes advertencias, se houber lugar:

– «Os seus ingresos poden variar. Asegúrese de que, se os seus ingresos diminúen, aínda seguirá podendo facer fronte ás súas cotas hipotecarias (periodicidade)».

Partido dos
Socialistas
de Galicia

– «Pode vostede perder a súa vivenda se non efectúa os seus pagos puntualmente».

– «Debe ter en conta o feito de que o tipo de xuro deste préstamo non permanece fixo durante todo o seu período de vixencia».

– «Debe ter en conta que este contrato está afectado por unha cláusula chan, de forma que o tipo de xuros deste préstamo, a pesar de ser variable, nunca se beneficiará das baixadas do tipo de xuros de referencia por debaixo do límite mínimo do tipo de intereses variable limitado».

– «O presente préstamo non se expresa en euros. Teña en conta que o importe en euros que necesitará para aboar cada cota variará en función do tipo de cambio de moeda do préstamo/euro».

– «Este é un préstamo só de intereses. Isto quere dicir que só pagará xuros ata o seu vencemento e que durante a súa vixencia deberá reunir capital suficiente para reembolsar o importe do préstamo na data de vencemento».

– «Terá que pagar outros tributos e gastos, entre outros, a cota correspondente do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; nesta última modalidade, gastos notariais, rexistrais e, no seu caso, gastos de xestión».

– Outras que se consideren oportunas.

Grupo Parlamentario

4. A efectos do previsto no apartado anterior, o exemplo representativo tomará como referencia as condicións sobre o importe e duración dunha hipoteca que fixe a Administración autonómica, en funcións dos datos oficiais sobre estatísticas de hipotecas en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 10. Información personalizada

1. As empresas prestamistas e os servizos de mediación, con carácter previo á entrega da oferta vinculante, deberán subministrar á persoa consumidora e usuaria, de maneira clara, completa e concisa, a información personalizada que resulte necesaria para dar resposta á súa demanda de crédito, de forma que lle permita comparar préstamos dispoñibles no mercado, valorar as súas implicacións e adoptar unha decisión fundada sobre se debe ou non subscribir o contrato.

2. Esta información, que se subministrará en todo caso en formato papel e, ademais, en calquera soporte duradeiro que posibilite unha adecuada conservación, reprodución e acceso a esta, será gratuíta e facilitarase mediante a entrega dos documentos que conforman a información persoalizada establecidos pola normativa estatal vixente. A esta documentación achegarase o Documento de Información Personalizada Complementaria (Diperc) regulado no apartado 3 deste artigo, así como os anexos previstos nos seus apartados 4 e 5, cando sexa o caso, de acordo co previsto no artigo 8.1. b).

3.No Documento de Información Personalizada Complementaria, as entidades prestamistas e os servizos de mediación deberán informar, mediante un exemplo representativo, como mínimo sobre os seguintes extremos:

- a) Os recollidos no artigo 9.3.a), f), i), j), k), l), m) e n).

Grupo Parlamentario

b) No seu caso, a referencia á necesidade de que exista algunha persoa garante na operación de préstamo hipotecario, debendo informarlle das obrigas específicas e das responsabilidades que asume no suposto de non pagamento do debedor principal.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

c) A referencia ao modelo de amortización aplicado, sinalando as implicacións e consecuencias do ofertado pola empresa prestamista, en canto á aplicación das cotas ao pago dos xuros do préstamo e do capital para a súa amortización.

d) Conforme ao artigo 12 desta lei, a indicación de se o préstamo hipotecario e as condicións del ofértanse de maneira vinculada con produtos ou servizos accesorios e, polo tanto, sen condicións alternativas no caso da súa non subscripción, ou ben de maneira combinada e, polo tanto, con carácter opcional, facendo referencia ás condicións alternativas no caso da súa non subscripción e á posibilidade de contratar cada un de ditos servizos accesorios separadamente.

En todo caso, deberá indicarse unha relación dos produtos ou servizos accesorios dos que se trate (seguros, plans de pensións, cartóns de crédito ou outros similares), e, se se esixe a contratación dunha póliza de seguro, que a empresa prestamista ten a obriga de aceptar a de calquera provedor distinto do ofrecido por esta cando dita póliza posúa un nivel de garantía equivalente.

e) No caso de que aínda non se taxase o ben inmovible, a indicación do dereito da persoa consumidora de achegar unha taxación sobre del, que terá que ser aceptada pola empresa prestamista, sempre que sexa certificada por un taxador homologado de conformidade coa Lei do mercado hipotecario e non estea caducada segundo o disposto legalmente, non podendo cargar ningún gasto adicional polas comprobacións que estas realicen sobre a devandita taxación.

4. No caso de préstamos a tipo de xuro variable, deberá achegarse un anexo que inclúa unha táboa das oscilacións na contía total do préstamo, tendo como base a variación que sufriu en anos anteriores o índice de referencia para un período igual ao pactado no préstamo, indicando de forma resaltada o importe máis alto e máis baixo que pode ter a cota mensual ao longo do período previsto de



Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

amortización. Se o préstamo incorporase límites ás variacións do tipo de xuro, como cláusulas chan ou teito, na táboa reflectiranse, ademais, as oscilacións con referencia ao tipo de xuro mínimo e máximo a aplicar e a cota de amortización máxima e mínima. Para iso, informarase, de forma resaltada, das cotas que resultan afectadas polas ditas cláusulas mediante unha dobre expresión que resultaría da aplicación, por unha banda, do tipo de xuro pactado e, por outro, da cláusula chan/teito.

Con independencia do anterior, na cabeceira desta táboa reflectirase de forma destacada o importe da cota correspondente á cláusula chan/teito».

5. No caso de préstamos que se comercialicen vinculados cun produto ou instrumento para cubrir o risco de subidas dos tipos de interese (*swaps*, clips ou instrumento análogos), deberá achegarse un anexo co contido previsto na normativa estatal vixente, no que ademais se advirta expresamente diso, así como dos riscos especiais que implica para a persoa consumidora e usuaria, incluíndo unha táboa de oscilacións de modo análogo á do apartado anterior.

6. Todos os documentos informativos citados nos apartados anteriores serán datados, quedando constancia da identificación e a sinatura, tanto da persoa consumidora e usuaria como da persoa empregada da empresa prestamista que facilite a información e a que ofrezca as correspondentes explicacións adecuadas, no caso de que sexan diferentes, debendo a empresa conservalos no seu poder.

7. No suposto de que, trala avaliación da solvencia, no préstamo se contemple a necesidade de que exista algunha persoa garante da operación, esta recibirá a mesma información personalizada establecida para a persoa consumidora e usuaria, debendo asinala, con indicación das obrigas específicas e das responsabilidades que asume no suposto de non pagamento do debedor principal.

Ademais, no caso de que se esixa persoa avalista ou fiadora, advertirase expresamente do seu carácter solidario ou non, así como das consecuencias da renuncia, no seu caso, ao beneficio de excusión e división.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

8. De conformidade coa normativa estatal vixente, os construtores ou promotores que ofrecen como forma de financiamento a subrogación das persoas consumidoras e usuarias nun préstamo hipotecario xa existente están obrigados a entregarlles a información personalizada nos termos previstos neste artigo.

En calquera caso, as empresas prestamistas deben subministrar esta información aos construtores e promotores e asegurarse, antes de aceptar a aludida subrogación, de que as persoas consumidoras e usuarias a recibiron, debendo facilitala no caso de que non a proporcionase.

9. Toda información adicional que a empresa prestamista ou, no seu caso, o servizo de mediación facilite á persoa consumidora e usuaria, e á persoa garante, no seu caso, figurará nun documento separado, que se deberá achegar á documentación comprensiva da información personalizada, debendo ser datada e asinada por todas as partes.

10. Xunto coa documentación sobre a información personalizada, as empresas prestamistas entregarán ás persoas consumidoras e usuarias, sen que teñan que afrontar ningún custo nin asumir ningún compromiso para a súa recepción, as condicións xerais da contratación que empreguen nun soporte duradeiro que permita a súa conservación e consulta en ausencia da empresa prestamista.

Artigo 11. Gastos preparatorios do préstamo hipotecario

1. Consideraranse gastos preparatorios do préstamo hipotecario os correspondentes á comprobación da situación rexistral do inmovible, os de xestión administrativa da operación, os que sexan consecuencia da taxación ou outros que sexan a cargo da persoa consumidora e usuaria, aínda cando a operación non se chegue a formalizar.

Grupo Parlamentario

2. As persoas consumidoras e usuarias teñen dereito a concertar as operacións das que derivan estes gastos preparatorios coas entidades que elixan de común acordo coa empresa prestamista ou servizo de mediación. E isto sen prexuízo do dereito da persoa consumidora de achegar unha taxación do ben inmovible, que haberá de ser aceptada pola empresa prestamista, sempre que sexa certificada por un taxador homologado de conformidade coa Lei do mercado hipotecario e non estea caducada segundo o disposto legalmente.

3. Cando as empresas prestamistas e os servizos de mediación concerten ou efectúen directamente a prestación de servizos preparatorios da operación cuxos gastos sexan por conta da persoa consumidora e usuaria, deberán contar coa súa aceptación previa e expresa, indicándolle a identidade dos profesionais ou entidades seleccionadas a este efecto e as tarifas dos honorarios aplicables. No devandito caso, as empresas prestamistas e servizos de mediación facilitarán información detallada e desagregada sobre o custo de cada un deles, e entregarán á persoa consumidora e usuaria a factura do pago.

4. As empresas prestamistas e servizos de mediación entregarán á persoa consumidora e usuaria unha copia destes documentos se a operación chégase a formalizarse, ou os orixinais, en caso contrario.

5. Na información precontractual e na personalizada, no seu caso, deberase indicar á persoa consumidora e usuaria o seu dereito a achegar unha taxación do ben inmovible, que terá que ser aceptada pola empresa prestamista, sempre que sexa certificada por un taxador homologado de conformidade co previsto na Lei do mercado hipotecario e non estea caducada segundo o disposto legalmente, non podendo cargar ningún gasto adicional polas comprobacións que estas realicen sobre a devandita taxación.

6. Ningunha das partes poderá impoñer á outra a entidade encargada dos gastos preparatorios da operación conforme á lexislación estatal vixente. No caso de que xurda un desacordo exclusivamente polo prezo dos servizos en ofertas contrastadas, asumirá o sobrecoste a parte que a propoña.

 Grupo Parlamentario

Artigo 12. Produtos ou servizos accesorios

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. De acordo co previsto no artigo 89.4 do Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, non se poderá obrigar á persoa consumidora e usuaria á subscrición de produtos ou servizos accesorios non solicitados. Entenderanse como produtos e servizos accesorios a formalización de contratos de seguros, como poden ser os de vida, fogar ou amortización do préstamo, outros como a contratación de cartóns de crédito ou débito, plans de pensións, apertura de contas correntes con domiciliación de nómina e recibos, e calquera produto ou servizo que non garde relación directa e necesaria coa contratación do préstamo hipotecario.

2. Se, de acordo coa normativa comunitaria e estatal vixente, se producise a venda vinculada de produtos ou servizos accesorios que se oferten para mellorar as condicións do préstamo hipotecario, se deberá facer constar na información que debe subministrar o claro beneficio que levan para a persoa consumidora e usuaria, tendo en conta a dispoñibilidade e prezos dos ditos produtos no mercado, a súa relación, o seu carácter non opcional, así como a ausencia de condicións alternativas no caso da súa non subscrición.

Para iso, deberanse consignar os custos reais dos produtos ou servizos accesorios, así como o beneficio en custos económicos que supón para a persoa consumidora e usuaria a contratación de cada un deles. Se o custo deste produto ou servizo accesorio non se pode determinar con anterioridade, tense que mencionar clara e de xeito destacado a fórmula de cálculo e un intervalo do seu posible custo xunto coa taxa anual equivalente.

No caso de venda vinculada de produtos ou servizos accesorios que se oferten para ofrecer unha seguridade adicional, acumular capital para garantir o reembolso do préstamo ou o pago dos seus intereses ou ben agrupar recursos para obter o préstamo, deberá constar expresamente e de maneira xustificada esta finalidade, sen prexuízo do establecido no apartado 5 deste artigo. 3.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No caso de venda combinada de produtos ou servizos accesorios, deberá reflectirse a súa relación, o seu carácter opcional e non preceptivo, as condicións alternativas no caso de non subscrición e a posibilidade de que se contrate cada un deles de forma separada. Así mesmo, deberanse consignar os custos reais dos produtos ou servizos accesorios, así como o beneficio en custos económicos que supón para a persoa consumidora e usuaria a contratación de cada un deles. Se o custo deste produto ou servizo accesorio non se pode determinar con anterioridade, tense que mencionar clara e de xeito destacado a fórmula de cálculo e un intervalo do seu posible custo xunto coa taxa anual equivalente.

4. Respecto das pólizas de seguro que a empresa prestamista poida esixir en relación co préstamo hipotecario, deberase informar expresamente e por escrito á persoa consumidora e usuaria de que ten dereito a que a empresa prestamista acepte a póliza de seguros de calquera provedor distinto do ofrecido por esta cando a dita póliza posúa un nivel de garantía equivalente.

5. O custo da contratación destes produtos ou servizos accesorios coa empresa prestamista non será superior ao existente para o mesmo produto ou servizo no mercado.

Artigo 13. Avaliación da solvencia

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 18 da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, e 16.1 da Lei 2/2009, do 31 de marzo, para garantir a concesión responsable de préstamos, con carácter previo ao desenvolvemento do contrato, as empresas prestamistas deben avaliar en profundidade a solvencia da persoa consumidora e usuaria, tendo en conta como elementos, entre outros, os ingresos presentes e os previsibles durante a vida do préstamo, os aforros, as débedas e os compromisos financeiros, a través da información subministrada pola persoa consumidora e usuaria e das fontes internas ou externas que resulten pertinentes, todo iso sen prexuízo do previsto na normativa estatal e europea vixente.



Grupo Parlamentario

2. As persoas consumidoras e usuarias, e, no seu caso, a avalista ou fiadora, deberán facilitar ás empresas prestamistas e, no seu caso, aos servizos de mediación información actualizada, completa e correcta sobre a súa situación financeira e as súas circunstancias persoais no contexto do proceso de solicitude do préstamo hipotecario. Esta información deberá vir acompañada da entrega da documentación recollida no artigo 9.3. g).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Cando a persoa consumidora e usuaria, e avalista ou fiadora, no seu caso, decida non facilitar a información necesaria para a avaliación da súa solvencia, sendo este o único medio posible ou pertinente para poder avaliar a súa respectiva solvencia, a empresa prestamista ou o servizo de mediación advertiranlles da imposibilidade de realizar a dita avaliación e, en consecuencia, de outorgar o préstamo.

4. A empresa prestamista e o servizo de mediación deberá informar á persoa consumidora e usuaria, e á avalista ou fiadora, no seu caso, con antelación, da súa intención de consultar un ficheiro de datos, de acordo co previsto na normativa comunitaria e estatal que resulte de aplicación.

5. A empresa prestamista e o servizo de mediación deberá informar por escrito á persoa consumidora e usuaria, e á avalista ou fiadora, no seu caso, do súa dereito a consultar o ficheiro ao que se accedeu para axuizar a súa solvencia económica, de acordo co previsto no artigo 42 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

6. Os datos que as empresas prestamistas e os servizos de mediación recollan para avaliar a solvencia da persoa consumidora e usuaria e avalista ou fiadora, no seu caso, deberán ser adecuados, proporcionados e axustados ao ámbito e finalidade para os que fosen solicitados.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7. Unha vez avaliada a solvencia, a empresa prestamista e o servizo de mediación deberán informar á persoa consumidora e usuaria, e á avalista ou fiadora, no seu caso, do seu respectivo resultado, de forma gratuíta e por escrito, nun prazo de 5 días hábiles dende que teña coñecemento do mesmo, advertíndolles, de xeito motivado, das razóns para conceder ou non o préstamo hipotecario coas condicións analizadas, e acompañando unha copia do resultado do estudo onde se identifiquen as fontes e os criterios aplicados na súa análise. Se se apreciase algún erro, poderase solicitar que se revise a avaliación. No caso de que a denegación fose por mor da información obtida dun ficheiro de datos, ou da ausencia de información no mesmo, a empresa prestamista e o servizo de mediación deberán comunicar á persoa consumidora e usuaria, e á avalista ou fiadora, no seu caso, de forma inmediata e gratuíta, o nome do devandito ficheiro e do responsable do mesmo, así como do dereito que lles asiste de acceder e rectificar, no seu caso, os datos contidos nel.

Cando a denegación se basee no resultado dun proceso automatizado de avaliación, a empresa prestamista e o servizo de mediación deberán informar, de forma inmediata e gratuíta, á persoa consumidora e usuaria, e á avalista ou fiadora, no seu caso, do seu funcionamento, ofrecéndolle a posibilidade de revisar a decisión por outro procedemento non automático.

8. Se o resultado da avaliación da solvencia da persoa consumidora e usuaria fose favorable, darase oportuna información sobre o mesmo á persoa garante da operación, para que teña coñecemento diso.

Artigo 14. Oferta vinculante

1. Tras obter a taxación do inmovible, efectuar as oportunas comprobacións sobre a situación rexistral da finca e avaliar a solvencia e a capacidade financeira da persoa consumidora e usuaria, e da avalista ou fiadora, se é o caso, se a mesma fose favorable, a persoa consumidora e usuaria poderá solicitar a entrega dunha oferta vinculante do préstamo hipotecario nos termos establecidos na normativa estatal de aplicación.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. A oferta vinculante comprenderá o contido dos documentos que conforman a información personalizada establecidos pola normativa estatal vixente e o do documento de información personalizada complementaria, e deberá indicar expresamente que se trata dunha oferta vinculante e o seu prazo de vixencia. Así mesmo, acompañaranse a esta os anexos sobre cobertura de risco de tipos de xuro e sobre cláusulas chan e teito a que se refiren os apartados 4 e 5 do artigo 10 desta lei, os documentos comprensivos da información adicional que se facilitasen de acordo co previsto no artigo 10.9, e a que se proporcionase antes da oferta vinculante. Nela incluíranse tamén outros pactos ou condicións que se acordasen entre as partes, así como a copia do proxecto de contrato de préstamo hipotecario.

3. A oferta vinculante ten que estar datada e asinada por un representante da empresa prestamista, cuxa identificación deberá constar nela, pola persoa consumidora e usuaria, e pola persoa garante, de ser o caso, á que se lle entregará unha copia. A oferta vinculante terá o prazo de validez establecido pola normativa estatal de aplicación.

4. No documento que conteña a oferta vinculante tense que facer constar obrigatoriamente e de maneira destacada o dereito que ten a persoa consumidora e usuaria de examinar o proxecto de escritura pública nos termos establecidos no artigo 15.1.

5. Trala entrega da oferta vinculante, facilitarase un Índice de Documentación de Entrega Preceptiva (IDEP), que deberá ser datado e asinado por ambas as partes, no que se marcarán os documentos que foron subministrados.

6. A acreditación da entrega do Índice de Documentación de Entrega Preceptiva non presupoñerá de ningún xeito a subministración da documentación obrigatoria prevista nesta lei, que se deberá probar en cada caso e para cada documento polos medios de proba previstos no noso ordenamento xurídico.



TÍTULO II

Contrato de préstamo hipotecario

Artigo 15. Proxecto de escritura pública do préstamo hipotecario e contido do documento contractual.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. As persoas consumidoras e usuarias teñen dereito a examinar e dispoñer dunha copia do proxecto de escritura pública no despacho de notaría elixida por estas, conforme ao disposto na normativa estatal de aplicación, polo menos durante os tres días hábiles anteriores á súa formalización. A estes efectos, as empresas prestamistas e os servizos de mediación comunicaranlles a posta a disposición do devandito documento.

2. Se no exame da documentación o notario detectase algunha discrepancia entre o contido da oferta vinculante e o proxecto de escritura hipotecaria, a persoa consumidora e usuaria deberá ser informada da súa existencia, de se é ou non no seu prexuízo e das implicacións xurídicas que da devandita discrepancia se poidan derivar, de acordo coa normativa estatal de aplicación.

No caso de que as ditas discrepancias non sexan emendadas, informárase á persoa consumidora e usuaria da posibilidade de non formalizar o contrato, sen prexuízo das accións que en vía xudicial lle poidan corresponder para o resarcimento dos gastos nos que puidese incurrir.

3. Os contratos con persoas consumidoras e usuarias que incorporen condicións xerais da contratación estarán sometidos, ademais, á Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais para a contratación.

4. Nos contratos con persoas consumidoras e usuarias nos que se utilicen cláusulas non negociadas individualmente rexerá a boa fe e o xusto equilibrio entre os dereitos e obrigas das partes, o que supón a exclusión da utilización por parte do predispoñente de cláusulas abusivas, as cales, no caso de existir,

Grupo Parlamentario

consideraranse nulas de pleno dereito e teranse por non postas, de acordo co previsto no artigo 83.1 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As condicións contractuais redactaranse con concreción, claridade e sinxeleza, con posibilidade de comprensión directa, sen reenvíos a textos ou documentos que non se faciliten previa ou simultaneamente á conclusión do contrato, debendo resultar comprensibles e lexibles para as persoas consumidoras e usuarias, evitando resaltar ou utilizar tecnicismos que lles xeren confusión ou a omisión de información esencial e determinante para a toma dunha decisión informada e formada sobre a contratación.

5. No contrato deberán reflectirse de maneira destacada as cláusulas sobre a amortización, os xuros, os xuros de demora, as condicións de subrogación, as cláusulas chan e os instrumentos de cobertura risco de xuro. O contrato hipotecario deberá ser elaborado coa colaboración de todas e cada unha das partes implicadas nel: notarios, rexistradores, asesorías ou entidades financeiras.

Artigo 16. Dereitos das persoas consumidoras e usuarias en notarías e rexistros da propiedade e o deber de colaboración coas administracións públicas.

1. Conforme á normativa estatal vixente sobre réxime e organización do notariado, as persoas consumidoras e usuarias teñen dereito a que os notarios, no exercicio profesional da súa función pública, aconsellen, asesoren con imparcialidade, presten asistencia especial e informen de forma gratuíta e comprensible na subscrición de préstamos hipotecarios, en particular sobre aquelas cuestións que lles poidan xerar prexuízos persoais e económicos, velando polo respecto dos seus dereitos básicos, comprobando, en concreto, o cumprimento dos requisitos de información previstos nesta lei.

Pola súa banda, os rexistradores da propiedade informarán ás persoas consumidoras e usuarias de acordo coa normativa estatal na materia.

Grupo Parlamentario

2. Atendendo ao seu deber de colaboración coas administracións públicas, cando o fedatario público detecte incumprimentos do previsto nesta Lei, ou cláusulas declaradas nulas por abusivas en sentenza inscrita no Rexistro de condicións xerais da contratación, de acordo co artigo 84 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, poñerao en coñecemento do órgano directivo competente en materia de consumo da Xunta de Galicia, a efectos da posible incoación de posibles expedientes sancionadores.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Para impulsar a devandita colaboración, a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración coas corporacións de dereito público que ordenen o exercicio profesional de notarios e rexistradores e os represente.

4. As entidades financeiras propoñerán aos usuarios e consumidores a compañía xestora que poida realizar os trámites oportunos das escrituras ata a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, achegando de forma fidedigna o custo dos servizos pactados, tres días antes da sinatura das escrituras.


Na proposta de honorarios, a compañía xestora deberá de especificar que entregará unha copia ao usuario/consumidor unha vez inscrita e baixo a súa total responsabilidade. O consumidor/usuario poderá aceptar esa oferta, ou ben achegar calquera outra empresa dedicada á xestión da escritura, que se deberá comprometer coa entidade financeira en achegarlle a documentación necesaria para os seus arquivos.

TÍTULO III

Arbitraje, mediación e accións de cesación


Artigo 17. Arbitraje, mediación e accións de cesación.

1. A Administración da Xunta de Galicia promoverá que as empresas prestamistas que outorguen préstamos hipotecarios para a adquisición de vivenda

 **Grupo Parlamentario**
inclúan nas condicións xerais ou específicas de contratación a adhesión ao Sistema Arbitral de Consumo.

 Partido dos Socialistas de Galicia

2. Así mesmo, facilitará ás persoas consumidoras e usuarias información sobre as empresas prestamistas que están adheridas ao devandito sistema.

 3. A Administración da Xunta de Galicia fomentará a mediación extraprocésal entre as empresas prestamistas e as persoas consumidoras e usuarias, previa ou simultaneamente con calquera outro procedemento de execucións xudicial ou notarial, co obxecto de alcanzar unha solución consensuada, encamiñada cara á procura de acordos que fagan viable que a persoa consumidora e usuaria conserve a propiedade da vivenda e, subsidiariamente, a posibilidade de manter o uso desta. A tal obxecto, crearanse órganos de mediación sectoriais constituídos no seo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e os seus órganos provinciais

4. En materia de accións de cesación, estarase ao disposto no artigo 11 da Lei 2/2009, do 31 de marzo, e os artigos 53 a 56 do Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

5. A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, disporá dunha listaxe de persoas taxadoras aceptadas polas entidades financeiras e dos honorarios destas, así como do cálculo deles.?

Calquera persoa taxadora escollida por un consumidor ou usuario desta listaxe terá que ser aceptado obrigatoriamente pola entidade financeira.

TÍTULO IV

Información e formación en materia de contratación de préstamos hipotecarios

 Grupo Parlamentario

Artigo 18. Promoción e difusión dos dereitos recoñecidos nesta lei.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Administración da Xunta de Galicia realizará campañas informativas para dar a coñecer os dereitos das persoas consumidoras e usuarias recoñecidos nesta Lei en materia de contratación de préstamos hipotecarios, fomentando e incentivando a colaboración con diversos colectivos e organizacións, en especial coas organizacións representativas de as persoas consumidoras e usuarias e coas empresariais; tal e como se contempla no Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia

Así mesmo, a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverá a publicación dunha guía sobre protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios sobre a vivenda na que se resume de forma homoxénea o marco de protección establecido nesta lei e na normativa autonómica, estatal e comunitaria sobre esta materia.

Con esta mesma finalidade fomentárase a colaboración e cooperación cas entidades locais.

Artigo 19. Dereito á formación en materia de contratación de préstamos hipotecarios.

A Xunta de Galicia organizará, promoverá e incentivará programas de formación das persoas consumidoras e usuarias en materia de contratación de préstamos hipotecarios, dirixidos principalmente aos colectivos sociais máis desfavorecidos, en colaboración con diversos colectivos e organizacións, en especial cas organizacións representativas das persoas consumidoras e usuarias, segundo se establece no artigo 22. Escola galega de consumo, do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e o Capítulo VII. Formación, educación e divulgación en materia de dereito dos consumidores, da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

 Grupo Parlamentario

Con esta mesma finalidade fomentárase a colaboración e cooperación coas entidades locais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

TÍTULO Réxime sancionador

Artigo 20. Infraccións e sancións.

A contravención das normas previstas nesta lei sancionárase conforme ao previsto no Título III. Réxime Sancionador da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Disposición adicional primeira. Modelo de contrato de préstamo hipotecario de confianza e código ético

A Consellería competente en materia de consumo, no prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta norma, promoverá a elaboración, xunto coas organizacións de persoas consumidoras e usuarias, sindicais e empresariais máis representativas, o Colexio Notarial de Galicia, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles, dun modelo de contrato de préstamo hipotecario de confianza cuxo uso será voluntario para as partes.

A consellaría competente en materia de Consumo promoverá, de acordo coas empresas prestamistas, a elaboración e a sinatura dun código ético en materia de créditos e préstamos hipotecarios que contemple entre as súas finalidades a supresión das cláusulas abusivas, entre elas as cláusulas chan, e a súa adhesión o Sistema Arbitral de Consumo.

Así mesmo, dará adecuada publicidade do modelo de contrato de préstamo hipotecario de confianza e creará un distintivo de calidade para aquelas empresas prestamistas que se adhiran ao código ético.

 Grupo Parlamentario

Disposición adicional segunda. Conservación da documentación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As empresas prestamistas e os servizos de mediación conservarán toda a documentación regulada nesta lei durante a vixencia do contrato e os catro anos seguintes á súa finalización. Se non se formalizase o préstamo hipotecario, deberán conservala durante un prazo de catro anos dende a entrega da información personalizada contemplada no artigo 10.

Disposición adicional terceira. Información durante a vixencia do préstamo hipotecario.

1. Calquera circunstancia modificativa ou extintiva, mediante calquera forma dela, sexa en documento público ou privado, do préstamo hipotecario que se produza tras a firma do mesmo deberá ser notificada de forma expresa e fidedigna á persoa titular do préstamo e á persoa garante da operación polas empresas prestamistas.
2. No caso de transmisión do préstamo hipotecario por parte da empresa prestamista, sexa cal for a súa forma, pública ou privada, esta deberá comunicar, de forma expresa e fidedigna, no prazo de dez días hábiles á persoa consumidora titular do préstamo e á persoa garante, se for o caso, o nome, dirección e todos os datos necesarios para a completa identificación do novo acreedor hipotecario.
3. Así mesmo, calquera requirimento ou comunicación que con carácter previo á execucións do préstamo hipotecario realizar a empresa prestataria ante un eventual incumprimento da obrigaición de pago por parte da persoa consumidora e usuaria, titular do préstamo, ten que ser notificado de forma expresa e fidedigna á persoa garante da operación.

Grupo Parlamentario

4. No caso de que teña lugar a dación en pago, as empresas prestamistas deberán poñer a disposición das persoas consumidoras e usuarias, tanto titulares do préstamo como garantes, de forma expresa e fidedigna, do proxecto no que se formalice cunha antelación de tres días hábiles á súa sinatura.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No referido proxecto deberase recoller de forma expresa a cancelación absoluta e total das garantías ofrecidas por calquera persoa ao titular do préstamo.

Disposición adicional cuarta. Información sobre o cobro de xuros de demora

Simultaneamente ao cobro dos intereses de demora, a empresa prestamista deberá notificar á persoa consumidora e usuaria, de forma expresa e fidedigna, o importe cobrado, a súa fórmula de cálculo e a porcentaxe aplicada.

Ademais, anualmente deberase comunicar á persoa consumidora e usuaria, mediante un exemplo aplicado ás condicións pactadas na escritura, o importe que correspondería cobrar no caso de falta de pagamento dunha cota, así como a fórmula e a porcentaxe aplicada para o cálculo dos xuros de demora.

Disposición adicional quinta. Mecanismos de cooperación en intercambio de información.

Para impulsar mecanismos de cooperación e intercambio de información, a consellaría competente en materia de consumo poderá asinar convenios de colaboración co Banco de España.

Disposición transitoria única. Procesos de contratación en tramitación

As empresas prestamistas e servizos de mediación terán que facilitar ás persoas consumidoras e usuarias a información prevista nesta lei naqueles procesos de



Grupo Parlamentario

contratación de préstamos hipotecarios nos que, á data de entrada en vigor desta norma, non se teñan formalizado en escritura pública.

Disposición final primeira. Vixilancia e control en materia de contratación de préstamos hipotecarios

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Para vixiar o cumprimento dos deberes de información e do resto de obrigas das empresas prestamistas e servizos de mediación previstos nesta norma, a consellaría competente en consumo reforzará a vixilancia, control e inspección en materia de contratación de préstamos hipotecarios, e en todos os procesos e actos relacionados coa vida das hipotecas.

Disposición final segunda. Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. Engádese unha nova disposición décimo novena - bis, ca seguinte redacción:

Disposición adicional décimo novena - bis.- Sistema galego de información e asesoramento integral en materia de desafuizamentos e prazos para notificación.

1. Créase o Sistema galego de información e asesoramento integral en materia de desafuizamentos.

2. O sistema estará integrado polos medios necesarios para proporcionar a información e asesoramento a favor de persoas incursoas en procedementos de desafuizamento por execucións hipotecaria da súa vivenda habitual e permanente. Igualmente poderá proporcionar, entre outros, información ou asesoramento por incapacidade para facer fronte ao pago das rendas por arrendamento da súa vivenda habitual e permanente, nos termos e cos medios que regulamentariamente se establezan. A consellaría competente en materia de vivenda poñerá en funcionamento e xestionará este sistema.

Grupo Parlamentario

3. O Sistema galego de información e asesoramento integral en materia de desafiuzamentos atenderá, de forma prioritaria e singularizada, a aquelas persoas que se atopen en especial situación de debilidade ou emerxencia social e económica, mediante:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) A información e o asesoramento a persoas que, por ser obxecto de violencia de xénero, non poidan habitar na súa vivenda habitual e permanente.

b) A información e o asesoramento a persoas que, por causas sobrevidas, non poidan facer fronte ao pago da cota hipotecaria da súa vivenda habitual e permanente ou afrontar o pago da renda do contrato de arrendamento da súa vivenda habitual e permanente.

c) A información e o asesoramento a persoas con dificultades para o acceso á vivenda por motivos de exclusión social.


Disposición final cuarta. Linguaxe non sexista

De acordo co Título I. Integración Transversal do Principio de Igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade.

Disposición final quinta. Habilitación normativa

1. Habilítase á Xunta de Galicia para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario desta lei.

2. Periodicamente revisarase e adecuarase o importe e a duración da hipoteca á que fan referencia os artigos 7 e 9, de acordo cos datos oficiais sobre estatísticas

 Grupo Parlamentario
de hipotecas en Galicia.

Disposición final sexta. Entrada en vigor

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

A presente lei entrará en vigor os tres meses dá súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I. Índice de documentación de entrega preceptiva (IDEP)

As persoas consumidoras e usuarias que desexen concertar un préstamo hipotecario teñen dereito a que se lles entreguen todos os documentos que as empresas prestamistas e os servizos de mediación teñen que subministrar de forma obrigatoria ata a súa formalización, e que son os seguintes:

- Ficha de Información Precontractual (Fipre) ou folleto informativo, no seu caso.

- Documento de Información Precontractual Complementaria (Diprec).

- Ficha de Información Personalizada (Fiper) ou documento con información previa ao contrato, no seu caso.

- Documento de Información Personalizada Complementaria (Diperco).

- Documento de información adicional á Fiper, se procede.

- Anexos sobre os instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro, se procede.

- Anexos sobre cláusulas solo e teito, se procede.

 Grupo Parlamentario

– Oferta vinculante.

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

– Documento que recolla outros pactos ou condicións que se acordaron entre as partes, se procede.

ANEXO II. Cartel informativo do IDEP

A persoa consumidora e usuaria que desexe concertar un préstamo hipotecario sobre unha vivenda ten dereito a que se lle entregue un índice de documentación de entrega preceptiva (IDEP), no que se relacionen todos os documentos que se lle teñen que subministrar de forma obrigatoria ata a súa formalización.

 Grupo Parlamentario

ANTECEDENTES

 Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía de Galicia
- Real decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, de aprobación do Texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias.
- Lei 2/2012. do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Tratado Constitutivo da Unión Europea. Título XV. Protección dos consumidores.
- Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, sobre os contratos de crédito celebrados con los consumidores para bens inmoables de uso residencial e pola que se modifican as Directivas 2008/48/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010.
- Lei 2/2009, do 31 de marzo, pola que se regula a contratación cos consumidores de préstamos ou créditos hipotecarios e de servizos de mediación para o desenvolvemento de contratos de préstamo ou crédito.
- Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.
- Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios.
- Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, a entidades de crédito e provedores de servizos de pago, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.

Grupo Parlamentario

- Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.

- Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación.

- Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de Competencia Desleal.

- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

- Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

- Lei 20/2014, do 29 de decembro, de modificación da Lei 22/2010, do 20 de xullo, do Código de consumo de Cataluña, para a mellora da protección das persoas consumidoras en materia de créditos e préstamos hipotecarios, vulnerabilidade económica e relacións de consumo.

- Lei 4/2018, do 21 de febreiro, pola que se modifica a Lei 6/2001, do 24 de maio, do Estatuto dos Consumidores de Estremadura.

- Lei 3/2016, do 9 de xullo, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios sobre vivenda.

- Lei 1/2012, do 26 de marzo, para a protección dos dereitos dos consumidores mediante o fomento da Transparencia na Contratación Hipotecaria na Comunidade de Madrid.

- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/06/2018 11:38:15

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.06.2019

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (doc. núm. 47807, 10/PPL-000036)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 47807(10/PPL-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño,
de normalización lingüística

Publicación da iniciativa, 454, 02.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía reconece no artigo 5 que o galego é a lingua propia de Galiza e obriga os poderes públicos do noso país a garantir o seu uso normal e oficial en iguais condicións que o castelán potenciando, asemade, o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Malia que nas últimas décadas se ten aprobado un marco lexislativo encamiñado á normalización de usos da lingua galega, concretamente a Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística (2004), o galego non deixou de perder falantes.

Así o constantan os sucesivos informes e estudos publicados polo Instituto Galego de Estatística, a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega. Neste senso, en 2014 e por primeira vez na historia de Galiza, o número de persoas que se declaran monolingües en galego situouse por baixo do 50% da poboación (IGE, 2014). De igual maneira, o número de persoas cuxa lingua inicial é a galega caeu vinte puntos en apenas dúas décadas (RAG, 2018).

CSM - L. 684-NR-elA8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

Un proceso de substitución lingüística que avanza imparábel, especialmente entre as franxas de idade máis novas, amosando as limitacións e insuficiencia do marco normativo actual. Ao mesmo tempo, as cifras refliten as consecuencias dunha política lingüística desenvolvida nos últimos dez anos que, apoiada en falacias, fixo involucrar a presenza da lingua galega no ensino á década dos noventa.

A aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo supuxo un descenso de horas lectivas en galego e, polo tanto, un contacto inferior coa lingua propia no ámbito escolar, un dos principais axentes de socialización.

A isto cómpre engadir que de acordo cos estudos desenvolvidos desde A Mesa pola Normalización Lingüística, só o 8,54% das escolas infantís imparten aulas maioritariamente en galego fronte ao 72% que imparten todas ou a maioría das sesións en castelán.

Á escasa presenza da lingua galega nos centros de ensino e escolas infantís do noso país engádese o feito de se estar a producir unha quebra na transmisión interxeracional do galego que sitúa a infancia e mocidade nun proceso de monolingüización en castelán a un ritmo acelerado como consecuencia da presenza mínima que a lingua propia de Galiza ten nos espazos de socialización secundaria, entre os que se atopa o ensino, mais tamén os medios de comunicación.

Para o Bloque Nacionalista Galego a realidade sociolingüística do noso país exige unha política decidida en defensa dos dereitos lingüísticos das galegas



CSV LUGANRAIAS
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

e galegos encamiñada a garantir o coñecemento e promover o uso normalizado da lingua galega en todos os espazos.

Neste senso, o actual marco normativo, a comezar pola Lei de Normalización Lingüística de 1983, debe ir alén do recollido na súa redacción orixinal e garantir no seu articulado o carácter oficial e vehicular da lingua galega no ensino así como recoller medidas tendentes a promover a súa presenza, garantir o seu coñecemento e promover o seu uso.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición de lei.

Artigo Único.- Modificación da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Un. Modificación do artigo 12 que fica redactado da seguinte maneira:

1. O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial e vehicular en todos os niveis educativos.
2. A Xunta de Galiza regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente lei.



CSX-146-INRAIAS

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Registro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

Dous. Modificación do artigo 13 que fica redactado da seguinte maneira:

1. As crianzas teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua inicial.

2. Todas as crianzas de Galiza, calquera que sexa a súa lingua inicial ao comezar o ensino, deben poder utilizar normal e correctamente o galego e o castelán ao remate dos seus estudos básicos.

3. A Xunta de Galiza arbitrará as medidas necesarias para:

a) promover o uso progresivo do galego no ensino

b) garantir, como mínimo, un terzo do horario lectivo semanal en galego para o conxunto do alumnado nestas etapas educativas para contornas e contextos en que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe vaia incrementando de maneira progresiva.

c) que o alumnado non sexa separado en centros diferentes por razón de lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

Tres. Modificación do artigo 14 que queda redactado da seguinte maneira:

CSX LUGAINRAIAS
Verificado
<https://secreta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios. Garantirase o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados.

2. O Goberno galego regulará as circunstancias excepcionais en que unha persoa estudante pode ser dispensada do estudo obrigatorio da lingua galega. Ningunha nin ningún estudante poderá ser dispensado desta obriga se tivese cursado sen interrupción os seus estudos en Galiza. Así as cousas, as autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán, para aquelas persoas que gocen da devandita dispensa, as medidas necesarias para garantir a progresiva aprendizaxe lingüística como ferramenta de inclusión social.

3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado adquiera plenas competencias lingüísticas, nos seus niveis orais e escrito.

Catro. Engádese un artigo 14 bis. Proxectos lingüísticos

1. Coa finalidade de acadar o obxectivo establecido no artigo 14 apartado 3 e de garantir o carácter vehicular do galego, os centros de ensino públicos e privados deberán elaborar, como parte do proxecto educativo, un proxecto lingüístico que enmarque o tratamento das linguas no centro.

2. O proxecto lingüístico debe incluír os aspectos relativos á aprendizaxe e o uso das linguas oficiais e estranxeiras, entre os que se deberán incluír os seguintes:

CSX LUG-RAIAS
Verificado
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

- a) O tratamento do galego como lingua vehicular e de aprendizaxe garantindo, como mínimo, o 50% da docencia en galego.
- b) O proceso de aprendizaxe do castelán.
- c) As distintas opcións en relación ás linguas estranxeiras, incluíndo de maneira especial o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa Lusofonía, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 1/2014, do 24 de marzo.
- d) Os criterios xerais para a adecuación do proceso de aprendizaxe das linguas á realidade sociolingüística do centro.

3. Cada catro anos realizarase unha avaliación do estado da galeguización do ensino, con especial atención á competencia nas dúas linguas oficiais ao final da educación primaria e da ESO.

Cinco. Modificación do artigo 15 que fica redactado da seguinte maneira:

1. O profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua galega en iguais condicións que o castelán.
2. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán, a través da Comisión interuniversitaria de Política Lingüística, as medidas máis oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario.

CSX LUGAINRAIAS
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas co obxectivo de que a lingua non constitúa un obstáculo para facer efectivo o dereito que ten o alumnado a recibir coñecementos. Para tal fin, os servizos lingüísticos das universidades co apoio das autoridades educativas, desenvolverán unha oferta estábel de cursos de formación en lingua galega, con especial atención ás distintas áreas de coñecemento e ás necesidades do alumnado e profesorado foráneo.

Disposición adicional. O Goberno da Xunta de Galiza deberá, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente Lei, adoptar as medidas que sexan necesarias para aplicar e desenvolver de maneira real e efectiva no ensino galego o previsto no seu articulado.

Disposición final. A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

CSV: L1634NRA1A8
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Rexistro: 47807
Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE REFORMA DA LEI 1/1983, DO 15 DE XUÑO, DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Constitución española, de 29 de decembro de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galiza. Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Carta europea de linguas rexionais e minoritarias. Estrasburgo, 5 de novembro de 1992.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV L 143-N RAIAS
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2019 17:53:12
Nº Registro: 47807

Data envío: 14/03/2019 17:53:12.522

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2019 17:49:32

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2019 17:49:35

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2019 17:49:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/03/2019 17:49:47

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2019 17:49:51

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2019 17:49:54

CSX: LUGANRAIAS
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 11.06.2019

Hora: 10:00

Orde do día

3.1 50470(10/PPP-000101)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por
petición propia, para informar da planificación da Xunta de
cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do
ciclo integral da auga

 **XUNTA DE GALICIA**
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
 Dirección Xeral de Relacións Institucionais
 e Parlamentarias

galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
 REGISTRO XERAL ENTRADA
 - 3 XUN. 2019
 Núm. 50470

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
 - 3 XUN. 2019
 SALDA
 Num. 118

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade para informar "da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
 (ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: SANTIAGO SERODIANS ALVAREZ BLANCA
 Calle Diwan, 24 Xviii
 15011 Pontevedra, Galicia
 Data e Hora: 2019-06-03 14:51:04

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

CVE: SBU-ABR02Z
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 50408(10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa **deputada Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación doc. núm. **46794**, sobre a política do Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a Atención Primaria do sistema sanitario público, que foi tratada na sesión plenaria do 28 de maio de 2019. (10/INT-001553).

MOCIÓN

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- 1.) Considerar a Atención Primaria de saúde o nivel asistencial central nunha atención pública de calidade pola súa accesibilidade, eficiencia, equidade, continuidade, implantación no territorio e capacidade resolutiva.
- 2.) Considerar as profesionais sanitarias o patrimonio de maior valor no sistema sanitario e coidar as súas condicións laborais para un desenvolvemento laboral digno.
- 3) Elaborar un novo modelo de Atención Primaria cunha correcta dotación de profesionais de cada categoría, optimizando o papel da enfermaría no manexo da cronicidade.
- 4.) Dotar dun 25% de orzamento, no menor prazo posible, a Atención Primaria de saúde, excluindo o importe do gasto farmacéutico.
- 5.) Recuperar as estruturas de xestión propias da Atención Primaria en pé de igualdade coas estruturas Hospitalarias, e en íntima coordinación, sen supeditación de ningunha índole. Derrogar as EOXIs.





- 6.) Establecer un cupo máximo de 1250 pacientes por médic@ e enfermeir@, individualizando segundo unha estratificación que contemple datos clínicos, económicos e sociodemográficos.
- 7.) Limitar a 30 o máximo de pacientes por día, dotando de profesionais suficientes a Atención Primaria co obxectivo de non xerar listas de agarda.
- 8.) Establecer un plan ambicioso de recuperación de profesionais emigrados e de fidelización de profesionais procedentes doutros ámbitos (urxencias, privada, etc).
- 9.) Estructurar a axenda coa flexibilidade suficiente para a atención de cada paciente no tempo necesario, estimando non menos de 10 minutos por paciente en consulta a demanda (non burocrática).
- 10.) Fomentar o acceso das profesionais de atención primaria ao mesmo catálogo de probas complementarias que os especialistas hospitalarios, protocolizando a súa utilización.
- 11.) Fomentar o diálogo entre primaria e hospital, creando a figura do profesional de referencia para primaria en cada especialidade.
- 12.) Crear prazas estruturais onde sexa preciso, evitando no posible a cobertura con eventualidade. Promover a continuidade asistencial e a lonxitudinalidade, elementos de valor na Atención Primaria, como elementos a preservar no deseño de estratexias e políticas sanitarias. Incrementar o persoal sanitario para garantir unha atención integral de calidade e con capacidade resolutiva. Rematar coa precariedade das novas contratacións. Atender as demandas do persoal eventual e das autodenominadas “médicas precarias” modificando o contrato de continuidade e evitando a creación dunha terceira figura de atención por comarcas que pon en risco o modelo de atención continua e lonxitudinal.
- 13.) Definir e publicitar o criterio para realizar substitucións, bloqueo de axendas e intersubstitucións en ausencia das profesionais titulares.





14.) Ofrecer mediante Oposición a totalidade das prazas vacantes e das recentes xubilacións co ánimo de dignificar as condicións laborais das profesionais que se atopan en situación de precariedade.

15.) Realizar un estudo sobre a dotación real da Atención Primaria de Galicia e das prazas vacantes. Dar a coñecer publicamente cales son as necesidades reais de dotación de profesionais. Realizar un estudo das previsións de xubilacións de profesionais e plan de continxencia para a súa cobertura. Facer pública esta información. Realizar un estudo das previsións de formación de novos especialistas e plan para a súa fidelización na Atención Primaria de saúde con medidas laborais solventes.

16.) Aplicar o cómputo de xornada correcto ás traballadoras e traballadores dos Puntos de Atención Continuada e remunerar os complementos que non perciben desde hai anos. Dotar de material suficiente para o desenvolvemento do seu labor. Atender ás súas lexítimas reivindicacións e valorar a utilización de mediación, habida conta do encallamento da negociación.

17.) Impulsar a formación continuada de calidade en tempo de traballo para todas as categorías profesionais (ou, no seu defecto, computar as horas investidas como laborais).

18.) Establecer os mecanismos necesarios para o fomento da atención á comunidade en horario de atención ordinaria ou, no seu defecto, computar como tempo de traballo esta modalidade de atención das profesionais en horarios alternativos.

19.) Fomentar a Educación para a Saúde como elemento fundamental de formación, fomento de autonomía, autocoidado en saúde e evitación da frecuentación innecesaria na Atención Primaria de Saúde, reservando un tempo de consulta nas profesionais da enfermaría e da medicina de familia.





- 20.) Establecer unha protocolización ou triaxe das solicitudes urxentes de atención sen cita, definindo as profesionais implicadas en cada tarefa. Definir claramente o papel do Persoal de Servizos Xerais e dotalo de protocolos e algoritmos definidos para evitar a asunción de responsabilidades que precisan formación clínica.
- 21.) Optimizar o rol das profesionais de enfermaría na educación para a saúde e o manexo da cronicidade, entre outras atribucións.
- 22.) Recuperar a dotación de TCAEs e a súa función, entre outras, de xestión do material dos centros de saúde. Garantir a correcta dotación deste e a homoxeneización entre centros.
- 23.) Fomentar o desenvolvemento de sistemas democráticos, a priorización de méritos e a busca de consenso nos equipos de atención primaria para a designación das xefaturas de servizo. Fomentar o traballo en Equipo das diversas categorías presentes na Atención Primaria, minimizando a sobrecarga asistencial e fomentando a comunicación entre profesionais.
- 24.) Incluír e xeralizar a incorporación de traballadoras sociais e psicólogos na atención primaria de saúde para o manexo do malestar psicosocial, o sufrimento social, a vulnerabilidade, a xestión de recursos asistenciais e as adiccións en colaboración co persoal médico e de enfermaría. Incorporar o diagnóstico social e o coñecemento dos recursos no manexo dos problemas de saúde en Atención Primaria. Evitar a medicalización innecesaria, fomentando o uso de recursos da comunidade.
- 25.) Incorporar profesionais da fisioterapia para garantir a recuperación funcional das persoas en prazos desexables e no entorno máis achegado ás persoas, evitando as esperas que condicionan os seus prognósticos. Procurar os menores desprazamentos das persoas usuarias.





26.) Fomentar e valorar na súa xusta medida a docencia pregraduada e de profesionais en período de formación EIR, MIR, PIR, etc. Valorar o criterio das profesionais de primaria en todas as guías, procedementos e vías clínicas que se organicen, desde o seu desenvolvemento ata a súa implantación e seguimento. Optimizar as distintas sensibilidades das profesionais para a creación de referentes para a atención primaria de diversas áreas de coñecemento, servindo de apoio ao equipo.

27.) Fomentar a disponibilidad de tempo nas profesionais de atención primaria para o desenvolvemento de tarefas investigadoras.

28.) Desenvolver os mecanismos legalmente creados para a participación comunitaria: os consellos de saúde de área e os consellos municipais de saúde. Fomentar o contacto e interacción co asociacionismo de persoas enfermas. Fomentar o contacto e interrelación cos colexios e institutos para a atención comunitaria e a educación para a saúde en contextos normalizados.

29.) Fomentar a utilización dos medios de comunicación públicos para difundir mensaxes de autocoidado da saúde e uso responsable dos recursos. Fomentar a autonomía na xestión da saúde. Informar ás persoas usuarias sobre os dereitos e deberes no uso das institucións sanitarias.

30.) Realizar unha valoración dos recursos que precisa a atención domiciliaria, valor intrínseco e exclusivo da atención primaria, no contexto de avellentamento e lonxevidade. Valorar, fomentar e dotar de recursos suficientes á Atención Primaria para a administración de cuidados paliativos e morte digna, recuperando a normalización da morte no contexto domiciliario nas persoas idosas. Dotar de recursos suficientes á atención primaria para a evitación de ingresos hospitalarios en persoas con pronóstico de vida limitado e desexo de permanencia no medio domiciliario (nomeadamente anciáns en últimos estadios da vida).



CSV REXISTRO11VC33IF4

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



31.) Estratificar dun modo axeitado o perfil e as necesidades de cada cupo por morbilidade, idade, dispersión, avellentamento e outros criterios sociais. Utilizar os datos obtidos para priorizar dotacións con equidade. Revisar e reequilibrar os recursos e as cargas asistenciais entre áreas, procurando a equidade entre galeg@s de distinta orixe.

32.) Axilizar a resposta da atención hospitalaria para evitar círculos de re-consulta na primaria. Ningunha cita de consulta preferente se demorará máis de 15 días. Eliminar as listas de agarda non estruturais. Transparentar as listas de agarda para probas, consultas e intervencións programadas, así como a xustificación para a derivación a centros concertados. Evitar a penalización dos pacientes que manifestan a súa negativa a ser diagnosticados ou tratados en centros concertados con esperas indefinidas.

33.) Incorporar a perspectiva de xénero á formación das profesionais da Atención Primaria de Saúde. Fomentar o contacto e interrelación das profesionais da Primaria cos Centros de Información ás Mulleres.

34.) Combater a exclusión do dereito á saúde para todas as persoas, e empregar medidas proactivas para a súa detección. Establecer vías de colaboración con entidades que traballen no ámbito da saúde no cuarto mundo.

35.) Manter o diálogo permanente coas traballadoras e traballadores a través das entidades que os representen.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 10:39:22
Nº Rexistro: 50408
Data envío: 03/06/2019 10:39:22.668



Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 03/06/2019 10:38:06

Luis Villares Naveira na data 03/06/2019 10:38:20

CSX REGISTRO11VC33IF4
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 32252(10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A asociación ecoloxista ADEGA ven de facer públicos os datos das analíticas solicitados a Augas de Galicia e realizadas nos puntos de control de vertidos, de aforo, de calidade das augas, captacións etc. na contorna da antiga mina de Touro.

Augas de Galiza respostou achegando numerosos datos analíticos tanto das diversas estacións de control como de mostraxes de verteduras. Á vista destes datos pódese concluír que a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando á calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 km² na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos.

Segundo ADEGA tanto as augas subterráneas como as superficiais do entorno da mina están fortemente contaminadas.

No **río Ulla** aparecen importantes concentracións de Cu e de Zn (substancias preferentes) con cantidades de Al e Mn tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos e de Al nun. Algunha destas superacións, caso do punto de mostraxe MR-00700, situado 20 m augas abaixo da desembocadura do Brandelos



prodúcese en análises recentes (marzo de 2018). Estes datos, correspondentes ao curso medio do río Ulla, confirman a mobilización de importantes cantidades de metais pola rede fluvial tributaria dende as antigas cortas mineiras (a de Bama, a máis de 12 km dende a desembocadura do Brandelos e de Arinteiro, a máis de 10 km dende o desaugue do Lañas), cando menos dende 2011 até a actualidade.

A bacía do **río Brandelos** caracterízase por unha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente Cu e Zn sobardando os máximos na maioría dos puntos de mostraxe, e unha moi alta acidez cun mínimo de 3,57 unidades, que persiste en análises recentes. Sospéitase tamén da presenza de substancias prioritarias como o Pb por riba do permitido nos regos das Minas, Felisa, Pucheiras e no propio río Brandelos. Posíbel presenza tamén de As no rego dos Torreis e Cr VI (Pucheiras e Torreis). Subliñar a recente superación (decembro de 2017) no propio río Brandelos dos valores de fenóis (substancias perigosas prioritarias), aínda que non figuran desglosadas por especies; así como de Hg en tres puntos de mostraxe e de cianuros en 2. Outros metais como o Fe, Al, Mn e compostos como os sulfatos amosan frecuentes superacións dos valores paramétricos en todos os cursos de auga desta sub-bacía, que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro.

A bacía do **río Lañas**, que drena unicamente a corta de Arinteiro amosa unha problemática similar ao Brandelos: o Pb (substancia prioritaria) ten presenza en todos os cursos, cunha superación segura no Portapego. Intensa contaminación por Cu e Zn, especialmente nos regos Portapego e de Barral, que son os que drenan directamente a corta de Arinteiro. É precisamente o rego Portapego o que amosa unha contaminación máis intensa, dando os niveis máis altos de metais pesados (substancias prioritarias, preferentes, e valores paramétricos de Fe, Mn e Al) e o maior pico de acidez (2,32 unidades) de todos os cursos analizados. A chegada de contaminantes que dende os regos de Barral e Portapego se inxectan a través do Lañas na bacía do Ulla provoca a aparición de cantidades significativas



de metais mesmo a máis de 10 km augas abaixo da antiga corta de Arinteiro, e coa explotación inactiva.

Na saída da **balsa de Argumil**, todas as analíticas de augas amosan cantidades moi importantes de Cu, Zn, Fe, Mn, Al, sulfatos e condutividade, todos eles por riba das medias anuais e valores paramétricos, con posíbel superación tamén do Pb, Cr VI e As, e valores de pH hiperácidos, equiparábeis a regos de ambientes extremófilos.

A ineficacia dos tratamentos de rexeneración ponse en evidencia nos resultados das mostraxes de vertidos no **rego Portapego**. Nesta canle, supéranse os valores de Pb (substancia prioritaria) tanto antes como no propio tratamento. Cu e Zn están por riba das medias anuais tanto antes como despois do tratamento, ao igual que os valores paramétricos do Fe, Mn e Al. A acidez é extrema en todos os puntos de mostraxe, cun pico mínimo de 2,52 unidades 200m augas abaixo do surximento do Portapego, máis ácido aínda que antes do “tratamento”. Para o **rego Felisa**, sometido tamén a unha suposta rexeneración, acontece algo similar que para o Portapego: substancias preferentes (Cu e Zn) sempre por riba das medias anuais; posíbel presenza de Pb (substancia prioritaria) así como de As e Cr VI; e exceso de Fe, Mn, Al e sulfatos en todos os puntos de mostraxe. Tamén o pH é hiperácido, cun pico mínimo de 2,8 unidades augas abaixo do tratamento.

As escorrentías da **balsa de Vieiro** amosan unha situación parecida á rexistrada na balsa de Argumil: niveis de Cu, Zn, Fe, Mn e Al por riba dos respectivos límites, aínda que cunha acidez máis moderada. Finalmente, os rebouses da **balsa de Bama** debuxan unha situación similar á da balsa de Vieiro.

A contaminación das bacías fluviais que drenan as antigas cortas de Bama e Arinteiro é patente (ver mapa interpretativo), abranguendo uns 65 km² de territorio, con afectación ao curso medio do río Ulla.

Constátase o fracaso dos supostos tratamentos de rexeneración, de xeito que as antigas labores e instalacións da mina de cobre de Touro-O Pino seguen a ser unha fonte continua de contaminación das augas superficiais e soterradas. Esta instalación, hoxe pechada, converteuse na principal fonte de contaminación por metais pesados na bacía do río Ulla.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Denegar a Atlaya Mining SL a autorización ao proxecto mineiro de extracción de cobre que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino.
- 2) Depurar responsabilidades políticas pola pasividade continuada durante anos da administración autonómica diante da contaminación producida pola antiga mina e o non cumprimento de restauración e rexeneración por parte da empresa.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:34:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 17:45
Nº Rexistro: 32252
Data envío: 11/06/2018 17:45:59.416

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 39974(10/PNP-002986)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa Isowat Made.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isowat Made pertencente ao grupo Invertaresa encóntrase en concurso de acredores e a piques de ser liquidada salvo que se atope un inversor ou comprador nun corto prazo de tempo.

Isowat ten as súas instalacións no polígono da Grela na Coruña e da emprego nestes momentos a uns 91 traballadores. Pola súa parte Made ten as súas instalacións en Valladolid.

Isowat, antiga Isolux, ten unha traxectoria industrial e tecnolóxica do máximo nivel e sempre foi líder en Galicia, en España e mesmo a nivel internacional no deseño, fabricación e mantemento de cadros de control eléctrico para a industria en xeral con especial incidencia na industria naval, centros de transformación e control de media tensión e infraestruturas eléctricas de todo tipo. Mantén intacta a súa capacidade operativa e está a ofertar numerosas contratacións en procesos de transformación e de nova implantación que se están a desenvolver en Endesa, Repsol, Parques eólicos, etc.

Por todo elo a plantilla está absolutamente perplexa ante unha situación, que á vista do comentado anteriormente, non ten ningunha xustificación e que achacan



a unha nefasta e case suicida xestión do actual propietario. Débeselles parte da paga extra de xuño ademais das nóminas de febreiro, marzo e abril. É evidente que non se pode permitir que unha empresa galega deste nivel e que debería de ter un futuro prometedor ante as expectativas de traballo no seu sector desapareza. Por elo a Xunta de Galicia ten que intervir de maneira moi decidida, moito máis do que está a facer ata o de agora. Isowat é estratéxica e imprescindible para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, transformación que a Xunta cualifica como absolutamente prioritaria.

Ante a situación mencionada e en aras de buscar solucións que garantan todos os empregos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Implicarse no proceso con actuacións concretas para impedir a liquidación de Isowat.
- 2.- Instar ao Ministerio de Industria e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.
- 3.- Solicitar ao administrador concursal a segregación da actual Isowat Made en dúas compañías diferenciadas, Isowat e Made, para buscar solucións independentes para cada unha delas.
- 4.- Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un inversor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía. Contemplando as posibles



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 17:12
Nº Rexistro: 39974
Data envío: 08/11/2018 17:12:16.079



garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispoñe o IGAPE.

5.- Trasladar aos clientes da compañía, cos que a Xunta mantén unha forte relación, a confianza e tranquilidade ante o futuro da mesma.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G. P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 17:09:43

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:09:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 43898(10/PNP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019

Á Mesa do Parlamento.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno do Partido Popular en España promoveu, ao final da súa primeira lexislatura, un cambio relevante para a mellora da protección social dos homes e mulleres que traballan no sector marítimo-pesqueiro: a Lei 45/2015 de 21 de outubro.

Este texto legal introduce importantes modificacións, entre outras, a ampliación dos colectivos acollidos aos mecanismos protectores previstos no réxime especial da Seguridade Social para os traballadores do mar.

As características particulares nas que estes profesionais desenvolven a súa actividade, a dureza das condicións de vida a bordo, as circunstancias peculiares das tripulacións ou do marisqueo, a estacionalidade da súa actividade ou os riscos propios do traballo no mar, sempre requiriron dunha regulación exclusiva e esta viuse mellorada notablemente grazas a esta actualización legal.

Con todo, e motivado pola necesidade de dar desenvolvemento regulamentario a algún dos aspectos aínda pendentes, e en coherencia co espírito previsto na nova lei, existen ámbitos para seguir avanzando na mellora profesional, económica e social destas persoas traballadoras. Un destes ámbitos de susceptible mellora é o réxime de cotización á Seguridade Social.

Mentres a inmensa maioría dos traballadores en España, cando cumpren os requisitos para acceder a unha pensión, obteñen unhas contías que non difiren substancialmente daquelas que perciben mentres están en activo, non acontece igual con todos os profesionais acollidos ao Réxime Especial de Traballadores do Mar.

Aqueles cuxo traballo se remunera polo sistema tradicional de “á parte” e o resto dos que están circunscritos aos grupos de cotización 2º e 3º, entre os que se inclúen os

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



autónomos do mar, non estarían cotizando polos seus salarios reais o que vai en prexuízo destes traballadores e das súas futuras pensións.

As razóns que motivan esta discrepancia están baseadas nas distintas presuncións que a normativa vixente establece para determinar os ingresos de cada traballador. Trátase dun mecanismo demasiado artificioso que, como resultado final, ofrece contías moi por debaixo da realidade ou, no caso dos autónomos do mar, cinguidas por unha cota fixa, igual para todos eles e inamovible.

Para corrixir unha problemática similar á descrita, o Réxime Especial dos Traballadores Autónomos permite, desde a súa creación, a posibilidade de escoller unha base de cotización máis acorde coas súas posibilidades e expectativas económicas ou de beneficios (sempre dentro dos límites establecidos en función da idade do traballador). Esta mesma vantaxe está prevista para os traballadores agrarios con conta propia.

Pois ben, de igual xeito que se ten alcanzado un acordo no eido dos traballadores autónomos para iniciar unha modificación, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que as mulleres e homes do mar son merecedores deste mesmo trato, coa posibilidade de beneficiarse das vantaxes que implicaría.

O Grupo Parlamentario Popular viña apostando por reclamar das administracións o impulso dunha reforma normativa, (nos termos e coas limitacións que se puidera acordar nun proceso de diálogo cos profesionais do sector marítimo-pesqueiro) que permita poñer en marcha un sistema similar de libre elección das distintas bases de cotización, permitindo aumentar voluntariamente por riba da base mínima establecida.

Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobaba en 2016 unha proposición Non de Lei que, efectivamente, pretendía os cambios normativos necesarios para mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar, formulando a posibilidade de estudar especificamente o establecemento dun sistema de mellora voluntaria das bases de cotización.

Desde o punto de vista práctico unha reforma destas características sería moi beneficiosa para todos os profesionais do mundo do mar en Galicia, de xeito especial, para aqueles propietarios de pequenas embarcacións que realizan o seu traballo a bordo das mesmas, traballadores por conta allea enrolados en pequenas embarcacións e profesionais autónomos non embarcados, fundamentalmente mariscadoras e redeiras que son os que maior dificultade atopaban en aplicación da normativa vixente.



Coñecíamos pola prensa que o Goberno de Madrid, a través da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Magdalena Valerio, que están traballando nun novo sistema de cotización en base aos ingresos reais para os autónomos. Un equipo de traballo está traballando na redacción deste documento, e a continuación, este borrador será presentado ás asociacións de autónomos e á Mesa de Diálogo Social.

Polo tanto, este Grupo Parlamentario formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos para mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar e, tras un proceso de diálogo co sector, se estuden, entre outras, a posibilidade de establecer un sistema que permita aumentar voluntariamente as bases de cotización, aproveitando que o Ministerio de Traballo está traballando nun novo sistema de cotización para os traballadores autónomos.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/01/2019 19:27:38

Teresa Egerique Mosquera na data 16/01/2019 19:27:52

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/01/2019 19:28:01

Alberto Pazos Couñago na data 16/01/2019 19:28:10

Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 19:28:20

Diego Calvo Pouso na data 16/01/2019 19:28:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 43898
Data envío: 16/01/2019 19:29:59.561

Marta Rodriguez Arias na data 16/01/2019 19:28:42

María Soraya Salorio Porral na data 16/01/2019 19:29:01

Daniel Vega Pérez na data 16/01/2019 19:29:07

CSV, EXISTENTE: RZ-ngr1Jct-9
Validado:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 47514(10/PNP-003593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 12 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, Sandra Vazquez Domínguez, Daniel Vega Pérez e Daniel Varela Suanzes-Carpegna** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O Partido Popular no programa electoral co que se presentou ás derradeiras eleccións autonómicas, asumía o compromiso de conquistar unha Xustiza con medios do século XXI.

A pesar das dificultades orzamentarias, na pasada lexislatura, o goberno do Partido Popular foi quen de impulsar as infraestruturas xudiciais, así como outras cuestións importantes no eido da Xustiza como a revisión dos baremos de xustiza gratuíta e a mediación.

O obxectivo marcado para esta lexislatura é avanzar máis nas infraestruturas, na organización xudicial, na axilización da xustiza e na administración electrónica.

No marco da axilización da xustiza o compromiso do Partido Popular pasa por demandar do Ministerio de Xustiza a creación daquelas unidades xudiciais necesarias, e o reforzo dos órganos xudiciais nas xurisdicións necesitadas de apoio.

En decembro de 2018 o goberno galego e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acordaron na Comisión Mixta solicitar ao Ministerio de Xustiza a creación de tres novos xulgados do social: un en Vigo, outro en Santiago e outro en Lugo.

Sen embargo, a semana pasada o Ministerio de Xustiza respondeu a esta petición aceptando unicamente a creación do xulgado do social en Vigo, pero rexeitando o de Santiago e Lugo.

O feito de que o Ministerio omitise a proposta inicial de Galicia provocou unha reunión de urxencia da Comisión Mixta formada por Xunta e TSXG na que reiteraron que a creación destes tres xulgados do social é prioritaria.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2019 13:38:44
Nº Rexistro: 47514
Data envío: 08/03/2019 13:38:44.816**

Tras esta reunión, e a presión exercida tanto polas institucións xudiciais, representadas polo presidente do TSXG, D. Miguel Angel Cadenas, como as administracións competentes en materia de Xustiza, representadas polo Vicepresidente da Xunta e Conselleiro de Xustiza D. Alfonso Rueda Valenzuela, ao que se sumaron sindicatos, empresariado, e toda a sociedade civil das dúas cidades discriminadas polo Ministerio de Xustiza, produciuse unha rectificación parcial cedendo a incluír na proposta ministerial un xulgado do social para Santiago, pero non para Lugo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Solicitar ao Ministerio de Xustiza que, de xeito inmediato, rectifique a proposta de novos xulgados para Galicia en 2019 incluíndo a creación dun Xulgado do Social para a cidade de Lugo”.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/03/2019 13:33:37

Paula Prado Del Río na data 08/03/2019 13:33:54

María Isabel Novo Fariña na data 08/03/2019 13:34:19


César Manuel Fernández Gil na data 08/03/2019 13:34:35

Antonio Mouriño Villar na data 08/03/2019 13:34:41

Alberto Pazos Couñago na data 08/03/2019 13:34:57

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/03/2019 13:35:10

Jacobo Moreira Ferro na data 08/03/2019 13:35:23



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2019 13:38:44
Nº Rexistro: 47514
Data envío: 08/03/2019 13:38:44.816**

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/03/2019 13:35:38


Raquel Arias Rodríguez na data 08/03/2019 13:35:43

Jaime Castiñeira Broz na data 08/03/2019 13:36:22

Sandra Vázquez Dominguez na data 08/03/2019 13:36:33

Daniel Vega Pérez na data 08/03/2019 13:37:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 08/03/2019 13:37:18



CSX:K14R2L/B1
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 49281(10/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:20:28
Nº Rexistro: 49281
Data envío: 22/04/2019 11:20:28.605

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciaba aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa. Nos meses posteriores sucedéronse diversas iniciativas tanto dos e das traballadoras como do Parlamento de Galiza e doutras administracións implicadas na procura dunha saída para que o peche non acontecera.

Cómpre recordar que estamos a falar dunha industria estratéxica, a do aluminio, nun contexto de forte desindustrialización e terciarización da economía galega. Falamos dun volume de 400 postos de traballo na Coruña ao que hai que sumar o impacto na industria auxiliar e na actividade portuaria, e mesmo o risco sobre Alcoa San Cibrao, que sumando a industria auxiliar chegaría a unha afectación de máis de 2.000 persoas.

Neste contexto, cada vez resta menos tempo para a data de referencia para que finalmente haxa ou non unha solución enriba da mesa, o 1 de xullo. Ante a incapacidade do Ministerio de Industria e da Xunta de Galiza de adoptar alternativas para garantir a continuidade dos empregos e da produción industrial nas fábricas máis alá do 1 de xullo, como se viu no negativo borrador de Estatuto de Electointensivas presentado





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:20:28
Nº Rexistro: 49281
Data envío: 22/04/2019 11:20:28.605

polo goberno central e que desoia as insuficientes reclamacións da administración galega, a Confederación Intersindical Galega solicitaba anteriormente un informe á Universidade da Coruña respecto dunha cuestión a valorar e que PP e PSOE viñan vetando sistematicamente malia recollerse mesmo de forma explícita no marco constitucional: a posibilidade da intervención pública.

O informe da UdC avala a legalidade da adquisición pública e determina que esta sería compatíbel coas normas da Unión Europea. Ademais, pon a atención no feito de que foi orixinalmente no sector público onde naceu a antiga Inespal, que logo sería privatizada e vendida a perdas a Alcoa.

Por outra banda, cómpre recordar, e así o fai o propio informe, que cando falamos de intervención pública non estamos a falar dunha cuestión que outros países da contorna europea non teñan desenvolvido. Neste sentido, é máis que pertinente lembrar o caso da planta de aluminio de Portovesme, pechada por Alcoa en 2014 e hoxe en activo logo dun proceso de intervención do Estado italiano. En conclusión, o informe observa dúas vías diferentes para a adquisición das factorías de Alcoa polo sector público: a) Adquisición feita en condicións de mercado, isto é, co Estado actuando como investidor ou b) - Adquisición feita en condicións non de mercado, isto é, co Estado actuando na súa condición de poder público

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que os poderes públicos deben ter un papel determinante na economía, especialmente no sector industrial, e máis tendo en conta que o aluminio ten un carácter estratéxico. Polo tanto, diante do contexto no que nos atopamos é preciso que PP e PSOE levanten o veto á posibilidade de empregar esta alternativa con Alcoa se non se atopa comprador ou compradora.



CSX: REXISTROKUUQ5zrA3

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:20:28
Nº Rexistro: 49281
Data envío: 22/04/2019 11:20:28.605

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a intervención pública en Alcoa transitoriamente a fin de asegurar, alén dos seis meses inicialmente pactados, o mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto non aparece un investidor privado solvente.

2. Desenvolver os estudos precisos conducentes a reforzar e promover esta alternativa.”

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSX4 REXYSTR0KUUUGSzrA3
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/04/2019 11:20:28
Nº Rexistro: 49281
Data envío: 22/04/2019 11:20:28.605

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2019 11:03:03

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2019 11:03:12

Ana Pontón Mondelo na data 22/04/2019 11:03:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/04/2019 11:03:15

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2019 11:03:16

Xosé Luis Bará Torres na data 22/04/2019 11:03:17

CSX: FEYJSTFROKJUUGSzrA3
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.6 49347(10/PNP-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la
Concepción

Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do
primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado
para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da
formación profesional dual

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional creou mediante a Resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e con carácter experimental, a rede galega de dinamización da FP dual.

Nesta rede, que inicialmente se configura cun máximo de 48 centros, entre os que se inclúen obrigatoriamente os 23 centros integrados de Formación Profesional, créase a figura do responsable de dinamización da FP Dual, que ten como funcións:

1. Facer prospección de empresas. Percorrer o tecido empresarial do ámbito de actuación do seu centro para explicar e difundir a FP dual e determinar as necesidades das prazas de FP dual nos distintos sectores produtivos.
2. Atender as necesidades das empresas, dando a coñecer os perfís profesionais axeitados en cada caso e fomentando o achegamento das empresas aos centros educativos.
3. Atender as necesidades dos titores e as titoras dos centros de traballo e dos centros educativos no desenvolvemento das súas funcións.
4. Divulgar a FP dual entre o alumnado doutros niveis educativos, para o que contarán coa colaboración dos centros nos que se impartan estas ensinanzas, co fin de favorecer a orientación vocacional e profesional.
5. Asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP dual de cara á realización dunha xestión de calidade.
6. Poderá formar e informar a eses actores e realizar outras actuacións relacionadas coa FP dual.

Por outra banda, a Resolución á que se fai referencia e no seu apartado 6º establecía un prazo de cinco días hábiles para a presentación das solicitudes por parte dos centros interesados.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 12:41:15
Nº Registro: 49347
Data envío: 23/04/2019 12:41:15.653

Posteriormente, publicouse a resolución que dá publicidade dos centros seleccionados; esa resolución ten data do 9 de abril de 2019 o que supón un fito na capacidade para desenvolver un procedemento experimental no que están implicados os centros, o profesorado e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: 17 días para todo o procedemento.

Resultaron seleccionados 46 centros: 20 de A Coruña, 7 de Lugo, 7 de Ourense e 12 de Pontevedra e tamén se establece que as persoas responsables da dinamización da FP dual nomeadas desenvolverán as súas funcións desde o día seguinte á publicación desta resolución ata o 31/12/2019 sempre e cando manteñan o seu destino no centro.

Ambas resolucións establecen determinacións novidasas e algunhas que mesmo duplican funcións, polo menos nunha primeira lectura, con figuras que xa están creadas na normativa como por exemplo a persoa coordinadora da formación en centros de traballo (FCT) e a súa relación coas persoas titoras.

Ademais, se establece que as persoas responsables da dinamización da FP dual terán dedicación completa e exclusiva para o desenvolvemento das súas funcións, o que supón que as 46 persoas seleccionadas, e desde o día 10 de abril de 2019, se dedican en exclusiva ás tarefas que teñen encomendadas como dinamizadores da formación profesional dual. O anterior supón un custo mínimo anual de entre 1.330.320 € e 1.441.128 €, que se corresponden coas retribucións dese profesorado (os 46 seleccionados) segundo a súa pertenza aos grupos A2 ou A1, e nos que non se computaron nin trienios, nin sexenios nin pagas extras en ningún caso. Falamos, polo tanto, dunha medida que dista moito de ser gratuíta e que supera en redución horaria a todo o establecido ata este momento para o desempeño de responsabilidades nos centros.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar, antes de que remate o actual período de sesións, o procedemento que ten deseñado para avaliar a implantación da rede galega de dinamización da formación profesional dual.

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 12:41:15
Nº Registro: 49347
Data envío: 23/04/2019 12:41:15.653

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2019 12:33:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2019 12:33:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/04/2019 12:34:08



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.7 49484(10/PNP-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:47:05
Nº Rexistro: 49484
Data envío: 29/04/2019 17:47:05.055

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A situación laboral do persoal do Sistema público de saúde segue a ser un dos problemas esenciais que afectan á calidade asistencial do noso sistema, e provoca unha enorme ineficiencia na xestión dos recursos dos que dispón este servizo público.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nas persoas usuarias. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles... Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.

CSM-REXISTRO101217DDKZ0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:47:05
Nº Rexistro: 49484
Data envío: 29/04/2019 17:47:05.055

O TSXG vén de condenar ao Sergas por unha situación como as descritas, cualificando como “torticera” e “fraudulenta” a fórmula de concatenación de contratos eventuais para postos de obvio carácter estrutural. Non é a primeira vez que o Sergas afronta unha situación de este tipo, máis non se ten asumido ningunha responsabilidade sobre esta ou outras resolucións no mesmo sentido. Existen, como é coñecido, numerosas situacións idénticas que poden provocar unha problemática acumulada de carácter xudicial, que está sendo a única maneira de resolver un problema laboral que o Sergas deba afrontar pola súa propia iniciativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe sobre a situación laboral específica da eventualidade no Sergas, que sinala os casos similares aos que veñen dando lugar a sentencias contra o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación eventual de traballadores/as que exercen labores en postos estruturais.
2. Iniciar no prazo máximo de 6 meses un plan estratéxico de reforzo do cadro de persoal e mellora da estabilidade no Sergas cos obxectivos de incrementar en 5.000 novas prazas o cadro de persoal e reducir a un obxectivo dun 5 por cento o nivel de eventualidade no 2022.
3. Incorporar ao cadro de persoal, cando menos, a todo o persoal que teña encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante os últimos dous anos.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:47:05
Nº Registro: 49484
Data envío: 29/04/2019 17:47:05.055

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2019 17:43:30

Noela Blanco Rodríguez na data 29/04/2019 17:43:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/04/2019 17:43:41



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.8 49983(10/PNP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:03:22
Nº Rexistro: 49983
Data envío: 16/05/2019 17:03:22.132

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de xullo de 2018 o Parlamento galego acordou por unanimidade instar ao goberno do Estado a realizar as accións legais necesarias para recuperar o Pazo de Meirás para o dominio público. Anteriormente tamén o Pleno da Deputación da Coruña adoptou un acordo unánime, o 23 de marzo de 2018, polo que se demandaba ao goberno do Estrado que exercitase as accións administrativas e xudiciais oportunas para recuperar o Pazo.

Estes acordos están fundamentados en senllos informes histórico-xurídicos que acreditan que o Pazo de Meirás foi adquirido, remodelado e ampliado con diñeiro público e utilizado durante décadas como residencia da xefatura do Estado, polo que está acreditada de maneira contundente a súa pertenza ao patrimonio público.

O feito de que o Pazo de Meirás, pagado con diñeiro público, sexa na actualidade propiedade da familia Franco, que tamén goza dos títulos nobiliarios do señorío de Meirás e do ducado de Franco, constitúe unha anomalía histórica e democrática, pois supón darlle carta de natureza legal a un xigantesco espolio

CSM-REXISTRO5085EBY9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:03:22
Nº Rexistro: 49983
Data envío: 16/05/2019 17:03:22.132

perpetrado mediante o desvío de fondos públicos para favorecer intereses privados dos Franco.

Se ben este saqueo das arcas públicas resulta lóxico e coherente coa forma de actual da Ditadura, é totalmente contrario aos principios dun réxime democrático. A pervivencia e legalización do espolio supón polo tanto un feito grave que pon en evidencia a complicidade das máis altas institucións do Estado cos privilexios, regalías e beneficios obtidos de xeito manifestamente irregular por parte do Ditador Francisco Franco e a súa descendencia.

Por se isto non fose abondo, vemos con indignación e perplexidade como a familia Franco e a Fundación que leva o seu nome usan este ben espoliado para facer apoloxía dun réxime sanguinario e para enxalzar a figura dun militar golpista que aniquilou as liberdades democráticas e exerceu unha brutal represión contra miles de galegas e galegos.

Mentres se perpetra esta burla á democracia e á memoria das vítimas do franquismo, comprobamos que non só non se exercen accións legais contra a familia Franco senón que non exemplo escandaloso do “mundo ao revés” é esta familia e a Fundación que leva o seu nome a que emprende accións xudiciais contra persoas demócratas que denunciaron estes abusos e estes privilexios.

Por iso vemos con extraordinaria preocupación a pasividade do goberno central para levar a cabo as accións administrativas e xudiciais que fagan posíbel a recuperación do Pazo de Meirás. Pasaron xa dez meses desde o acordo do Parlamento galego, 14 meses desde o acordo do Pleno da Deputación, e ate o momento só recibimos noticias de adiamentos e rumores sobre presións de altas instancias do Estado que protexen os intereses da familia Franco.

2

CSV REXISTRO: 5G85NE5Y9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:03:22
Nº Rexistro: 49983
Data envío: 16/05/2019 17:03:22.132

Para o BNG estamos diante dunha decisión urxente e inadiábel, porque o tempo corre en contra do interese público e a favor dos intereses de quen se segue beneficiando do espolio.

Polo anteriormente exposto e diante da pasividade do goberno central, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución demandar ao goberno central que de maneira urxente inicie as accións administrativas e xudiciais necesarias para facer efectiva a recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público. Asemade, o Parlamento amosa o seu rexeitamento polo uso deste BIC para facer apoloxía da ditadura franquista e do Ditador e reclama que se leven a cabo as accións precisas para a anulación dos títulos nobiliarios de que goza a familia Franco.”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV REXISTRO: 5G85ME5Y9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:03:22
Nº Registro: 49983
Data envío: 16/05/2019 17:03:22.132

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:01:51

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:01:59

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:02:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:02:02

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:02:03

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:02:05

CSV REGISTRO: 5G85ME5Y9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 8786(10/INT-000373)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A falta de transparencia da Consellería de Sanidade en relación ás listas de espera do SERGAS supón unha situación habitual dende sempre. A negativa do Goberno a dar a coñecer o número de persoas existentes nas listas non estruturais, pon en evidencia o intento por agochar unha realidade consecuencia das políticas de recortes e privatizacións nos servizos públicos.

O incremento de persoas nas listas de espera vai inevitablemente ligado a un aumento de traslados a centros concertados/privados, derivando o orzamento público cara as empresas sanitarias do ámbito privado. Esta práctica provoca, que aquelas persoas que queren ser operadas nun hospital público, pasen a formar parte das listas non estruturais e, polo tanto, a perder o lugar que ocupaban nas listas estruturais no momento en que denegan ofrecemento de operarse na privada.

Con todo, a situación agrávase cando cada ano no Servizo Galego de Saúde, pechan na tempada de estío centos de camas hospitalarias sen máis motivo que o suposto aforro e afirmación errónea de que “no verán enferma menos a xente”. Nada mais lonxe da realidade, durante os meses de verán a xente enferma igual, existindo picos de incidencia nas urxencias que chegan a producir colapsos como os acontecidos en anos anteriores.

Ademais, ao peche de camas é necesario engadir a continuidade das nefastas políticas de persoal da Consellería de Sanidade, que non dan cobertura aos



permisos de vacacións de gran parte do persoal, aforrándose a Xunta de Galicia o custe das substitucións en detrimento do servizo sanitario público.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**

- 1. Cales son as listas de espera non estruturais do SERGAS?**
- 2. Que número de persoal vai a disfrutar do seu período vacacional nos meses de verán nas diferentes áreas de xestión galegas? Cantas desas prazas van a ser cubertas con persoal eventual e cantas non?**
- 3. De efectuarse un colapso, cal é o plan que se vai a seguir nos Hospitais do SERGAS, ben derivacións a centros concertados/privados, ben apertura de camas públicas ou ben manter aos doentes hospitalizados nas urxencias?**
- 4. Vai a continuar a política de recortes e peche de camas a pesar dos colapsos vividos anos anteriores?**

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 18:05
Nº Rexistro: 8786
Data envío: 08/05/2017 18:05:40.495

Eva Solla Fernández na data 08/05/2017 18:05:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 43360(10/INT-001431)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 43360
Data envío: 14/01/2019 13:23:32.740

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

1. Os datos de vítimas mortais nas estradas galegas no ano 2018 fixeron saltar todas as alarmas ao producirse unha cifra provisional de 104 mortes, o que supón un incremento de 28 con respecto ao 2017, no que se produciron 76 vítimas mortais.

Realmente estes datos só reflicten unha parte das estatísticas de mortalidade nas estradas, que en realidade é máis elevada ao cuantificarse as vítimas mortais logo dos 30 días posteriores ao accidente (A cifra definitiva de mortes en 2017 foi de 100). E cómpre tamén ter en conta que nas estatísticas da DXT non se contabilizan as persoas falecidas no ámbito urbano (só nas travesías urbanas que corresponden a estradas de titularidade estatal ou autonómica).

2. Na período comprendido entre 2008 e 2018 morreron 1.278 persoas nas estradas galegas. A esta enorme traxedia humana e social que representan as mortes hai que engadir as graves consecuencias e os elevados custos das persoas que sofren lesións, especialmente aquelas que sofren lesións graves e secuelas permanentes.

Estamos pois diante dunha situación que xera alarma social, dramas humanos e que polo tanto debe ser obxecto de máxima atención e preocupación por parte de todas as administracións con competencias na materia: administración central, autonómica e

CSM-REXISTRO-p8Ej01WSg-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 43360
Data envío: 14/01/2019 13:23:32.740

local. E que debería dar lugar a unha resposta coordinada, conxunta e moito máis eficaz, que a xuízo do BNG debe pasar pola revisión, actualización e elaboración dun novo Plan de Seguridade Viaria de Galiza que sexa froito dun amplo proceso de participación e diálogo e que comprometa os esforzos do conxunto da sociedade e de todas as administracións.

A xuízo do BNG a Xunta de Galiza está instalada nunha actitude rotineira e conformista, que non está á altura dun repto destas dimensións. Os debates de ámbito estatal, as medidas anunciadas pola Dirección Xeral de Tráfico e experiencias exitosas en diversos ámbitos deben ser o punto de partida para comezar un debate público e procurar actuacións eficaces para combater con todos os medios dispoñíbeis a violencia viaria, sensibilizar as persoas usuarias das vías con medidas formativas e informativas, prever comportamentos potencialmente perigosos, protexer os usuarios máis vulnerábeis e actuar nas estradas para que sexan máis seguras.

2. Os datos da Memoria de Seguridade Viaria de Galiza correspondente ao ano 2017, publicada en outubro de 2018, revela datos preocupantes en relación coa sinistralidade e as vítimas na rede de titularidade autonómica:

- Elevado número de vítimas mortais (43). E elevada porcentaxe sobre o número total de vítimas.

	2013	2014	2015	2016	2017
Mortos na rede da Xunta	39	55	46	44	43





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 43360
Data envío: 14/01/2019 13:23:32.740

% mortos sobre o total da Rede de Galiza	33,3%	43,7%	37,4%	35,2%	43,0%
--	-------	-------	-------	-------	-------

-Elevado número de accidentes en xeral (42, 56%) e de vítimas mortais en travesías urbanas (44,19%).

- Elevado número de accidentes (93) e de mortes por atropelo de peóns (13). Destas 13 mortes, 8 producíronse en travesías urbanas.

3. Un dos aspectos centrais para unha xestión integral das estradas e da seguridade viaria é que Galiza asuma as competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria. Esta demanda xa foi obxecto de acordos unánimes do parlamento galego, mais foi vetada polo parlamento e polo goberno do Estado.

A asunción das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria debe ir acompañada do desenvolvemento da Lei de creación da policía autonómica galega, en vigor desde xuño de 2007 mais que ficou gardada nun caixón.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora a Xunta de Galiza os datos de accidentes de tráfico e vítimas mortais nas estradas en 2018?

2. Preocúpalle ao goberno galego a evolución da sinistralidade viaria e das vítimas mortais das estradas de titularidade autonómica?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:32
Nº Registro: 43360
Data envío: 14/01/2019 13:23:32.740

3. Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para combater esta grave situación máis alá do desenvolvemento rotineiro do Plan de seguridade viaria 2016-2020?

4. Considera a Xunta de Galiza a posibilidade e a necesidade de convocar unha mesa institucional e social pola seguridade viaria nas estradas co obxecto de acordar actuacións extraordinarias e urxentes por parte de todas as administracións con competencias na materia?

5. Ten previsto o goberno galego demandar do goberno do Estado a transferencia das competencias de tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:23:32
Nº Rexistro: 43360
Data envío: 14/01/2019 13:23:32.740

Xosé Luis Bará Torres na data 14/01/2019 13:19:35

María Montserrat Prado Cores na data 14/01/2019 13:19:42

Ana Pontón Mondelo na data 14/01/2019 13:19:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/01/2019 13:19:45

Olalla Rodil Fernández na data 14/01/2019 13:19:47

Noa Presas Bergantiños na data 14/01/2019 13:19:49

CSV REXISTRO-p8Ej01WSg-4
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 48288(10/INT-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo datos do IGE, máis de 270.000 galegos e galegas viven sós, 125.000 dos e das cales teñen máis de 65 anos. Debido ao envellecemento poboacional e ás baixas cifras de natalidade, os fogares unipersoais irán en aumento nos vindeiros anos, segundo indican as proxeccións de poboación chegarán aos 347.027 no ano 2031, e serán entón o 31,3 % do total.

A pesares de que non hai datos concretos, moitos deles e delas sofren o que se coñece como soidade non desexada, caracterizada porque as persoas que a padecen presentan unha falla ou déficit de relacións interpersoais, e senten a soidade como algo obrigado, que lles produce sufrimento. Trátase polo tanto dun fenómeno social, dunha experiencia fundamentalmente persoal, polo que a súa abordaxe se volve moi complexa.

Aínda que a soidade a pode experimentar calquera persoa, e existen outros colectivos en risco de padecela, son as persoas maiores as que representan as porcentaxes máis elevadas de soidade, e tamén son as que manifestan esta doenza como unha das súas principais preocupacións.

A soidade non desexada nas persoas maiores ten como causas principais: as dificultades de adaptación á xubilación, desvinculación social, circunstancias familiares adversas (viuvez, falla de contacto e dispersión dos fillos e fillas), perda de redes familiares e comunitarias e problemas de saúde (depresión continuada, enfermidades cardíacas, suicidio, maior taxa de mortalidade, estrés...).

Durante estes últimos anos foron moitas as administracións, dentro e fóra das nosas fronteiras, que puxeron en marcha iniciativas cuxo obxectivo é o de previr e abordar esta problemática, unha das máis coñecidas a creación do “Ministerio da Soidade” no Reino Unido, pero tamén moitas en concellos galegos que elaboraron censos de persoas maiores que viven soas.

Dende o Grupo Socialista consideramos que o problema da soidade non desexada debe ser abordado de forma global por todas as administracións, consideramos

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 18:13:08
Nº Rexistro: 48288
Data envío: 28/03/2019 18:13:08.785

necesario e prioritario tomar medidas para previlo e abordalo, a través dun coñecemento científico e estatístico máis profundo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do grado de incidencia da soidade non desexada na nosa Comunidade Autónoma?
2. Ten datos o Goberno galego a respecto do número de persoas que se poden ver afectadas por esta problemática?
3. Contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de poñer en marcha medidas para abordar o fenómeno da soidade non desexada?
4. En caso afirmativo, cales serán as medidas concretas que se van poñer en marcha durante a X lexislatura para previr e abordar o fenómeno da soidade non desexada?
5. Que valoración fai a Xunta de Galicia do programa de acollemento familiar para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2019 18:09:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 18:10:00

Julio Torrado Quintela na data 28/03/2019 18:10:10



CSV: f2209d616
Validador:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 50473(10/POPX-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA , para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Presidente da Xunta de Galicia.

- Sr. Presidente, que vai a facer, ou está facendo, o seu goberno ante a nova situación de Ferroatlántica?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/06/2019 16:46:41

CSM-REXISTRO000xPool9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 50492(10/POPX-000152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:25:30
Nº Rexistro: 50492
Data envío: 03/06/2019 18:25:30.385

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera normal que nun país como Galiza, excedentario na produción de enerxía eléctrica, teñamos unha crise industrial con centos de empregos en risco?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 17:56:30

CSM-REXISTROS/EJEXRXT.m6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 50494(10/POPX-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia,
da actividade institucional da Xunta de Galicia



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, considera vostede que está impulsando coa debida dilixencia a actividade institucional da Xunta de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/06/2019 13:14:12



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 48770(10/POP-005826)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O artigo 125 da Constitución española de 1978 dispón a participación da cidadanía na institución do xurado como un dereito, sendo ademais unha obriga dende que así se estableceu na lei orgánica do xurado de 22 de maio de 1995. A ninguén se lle escapa que participar nun xurado supón unha obriga que xera presión aos 11 cidadáns legos en Dereito (9 titulares e 2 suplentes) que deben exercer esta función cando son seleccionados e posteriormente elixidos.

Nestes días, celebrouse na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra o coñecido como “crime da rozadora” e os cidadáns xurados que participaron tiveron que estar 2 días enteiros deliberando (incomunicados, polo tanto) para chegar a un veredicto. O que ocorreu foi que a Dirección Xeral de Xustiza do Goberno da Xunta de Galicia (que así o vén facendo dende que Feijóo é presidente) non dotou dos medios necesarios ás persoas formaron parte do xurado popular: nin botellas de auga nas horas que duraron as sesións de deliberación, nin comida “decente”, nin cea (tiveron que ir cear a unha bocatería, escoltados pola Policía Nacional), nin habitacións dispoñibles á hora que saíron da Audiencia.

É dicir, unha absoluta imprevisión, pese a que a Dirección Xeral de Xustiza ten coñecemento de que vai haber sorteo de xurados 2 ou 3 meses antes de que comecen os xuízos, imprevisión que tivo que solucionar o persoal adscrito á Sección 2ª da Audiencia Provincial. Hai anos, era persoal da Xunta de Galicia quen xestionaba este tipo de trámites, pero hai anos que se ten desentendido a Dirección Xeral de Xustiza e, polo tanto, o conselleiro de Xustiza, o señor Rueda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre realmente o Goberno da Xunta de Galicia na institución do xurado popular do artigo 125 da CE de 1978?

Pazo do Parlamento, 04 de abril de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 18:04:13
Nº Registro: 48770
Data envío: 04/04/2019 18:04:13.617

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/04/2019 18:01:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/04/2019 18:01:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/04/2019 18:01:22

CSX REGISTRO6PXi9q9
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 50486(10/PUP-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:08:32
Nº Rexistro: 50486
Data envío: 03/06/2019 18:08:32.600

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social e institucional diante do anuncio en campaña electoral do presidente da Xunta do pasado 18 de maio a respecto da circunvalación de Carballo.

Exposición de motivos

O pasado 18 de maio, nun mitin electoral en Carballo, o presidente da Xunta comunicoulle ao candidato do PP ás municipais que se era alcalde falarían da circunvalación. Máis alá da utilización partidista da presidencia da Xunta que destila estas palabras, o BNG entende que é urxente falar da circunvalación e de facelo co alcalde de Carballo elixido pola cidadanía nas urnas o pasado 26 de maio. E sobre todo é urxente aprobar o proxecto e planificar a súa construción dotando os orzamentos das partidas necesarias para facela realidade.

CSM-REXISTROsvPh1T9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:08:32
Nº Rexistro: 50486
Data envío: 03/06/2019 18:08:32.600

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Ten previsto o goberno galego aprobar o proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co obxecto de iniciar as obras no 2020?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 17:58:58

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 17:59:03

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 17:59:05

CSV REXISTROZWPHIT9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:08:32
Nº Rexistro: 50486
Data envío: 03/06/2019 18:08:32.600

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 17:59:06

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 17:59:08

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 17:59:09

CSV REXISTROZWPH1T9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.3 47343(10/POP-005647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa
Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que
garanta a súa actividade de ferroaliaxes, segundo se
desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de
Galicia do 9 de maio de 1996

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 18 de novembro de 1992, a Consellería do Territorio e Obras Pública outorga unha autorización administrativa previa para a transferencia da concesión dos aproveitamentos hidroeléctricos dos que era titular Carbuos Metálicos SA, a favor de Ferroatlántica SL e Banesto Leasing SAF, baixo unha serie de condicións que deberían de ser cumpridas polos cotitulares.

O 21 de marzo de 1994 dítase resolución definitiva aprobando a referida transferencia e ordénase a súa inscrición no Rexistro de Augas de Galicia, baixo, entre outras, as seguintes condicións:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non poderán segregarse de Ferroatlántica SL as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica SL, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Contra a dita resolución definitiva a entidade mercantil Ferroatlántica presentou recurso contencioso administrativo, sendo parte demandada a Dirección Xeral de Obras Públicas (COTOP), o Concello de Cee e o Comité de Empresa de Ferroatlántica. Recurso que foi desestimado por sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia do 9 de maio de 1996, confirmada por sentenza do TS do 15 de outubro de 2001.

É necesario salientar da fundamentación xurídica da sentenza do TSX de Galicia que:

- Ferroatlántica SA aceptou ca resolución previa as condicións impostas, ao non recorrer a dita resolución.





- A finalidade da autorización definitiva é a comprobación do cumprimento das ditas condicións.

- A empresa ten a obriga de presentar un plan de viabilidade que garanta a actividade das ferroaleacións.

O dito plan de viabilidade é consecuencia da necesidade de concretar e cumprir a condición esencial consistente na non segregación das actividades de produción de ferroaleacións e enerxía eléctrica.

Como consecuencia da proposta de ERTE presentada por Ferroatlántica nos últimos días, a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Solicitou o Goberno galego a presentación dun plan de viabilidade que garanta a actividade das ferroaleacións, tal e como resulta da sentenza do TSX de Galicia?


Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/03/2019 12:06:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 12:06:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 12:06:27



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.4 49961(10/POP-005934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, determina no seu artigo 74:

“Os consellos sociais son órganos de participación da sociedade galega nas universidades e impulsan a colaboración entre estas e aquela, mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu ámbito, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia e á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria.”

Estes consellos sociais teñen importantes funcións, que se describen no artigo 75 da citada lei e que se poden resumir en: “Correspóndelle ao consello social de cada universidade a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade, así como cantas outras funcións lle sexan atribuídas por esta lei e a demais normativa aplicable.”

A súa composición regulase no artigo 77, que deixa claro que os consellos sociais están encabezados por un presidente ou presidenta que debe ser designado polo presidente da Xunta de Galicia. Así, o artigo 83 da citada lei afirma “O presidente ou a presidenta do consello social será designado ou designada pola Presidencia da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta da persoa titular da consellaría competente en materia de universidades, logo de escoitar o reitor ou a reitora da universidade”.

O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez, e élle aplicable o previsto nesta lei con carácter xeral para o cesamento e a substitución dos membros do consello social.”

Pois ben, dende fai mais dun ano a presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela está vacante sen que,

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 13:23:21
Nº Rexistro: 49961
Data envío: 16/05/2019 13:23:21.235

inexplicablemente, o presidente da Xunta nomee a unha nova persoa para que asuma a este cargo o que está alterando de forma notable o funcionamento e a labor do Consello Social.

Aínda máis, acaba de quedar vacante tamén a secretaria do Consello e a persoa que á asuma é designada, segundo o artigo 83.2, pola Presidencia do Consello, que como dicimos, está vacante.

Esta é unha situación insostible que da proba da desidia co que trata o Goberno do PP da Xunta de Galicia as Universidades

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Por que non se designou aínda un presidente ou presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 16/05/2019 13:20:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/05/2019 13:20:27



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.5 49498(10/POP-005897)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Jaime Castiñeira Broz, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En 2019 celebraremos o décimo noveno aniversario da declaración por parte da Unesco da Muralla Romana como Patrimonio da Humanidade. Un recoñecemento que contribúe á posta en valor deste monumento romano que identifica á cidade de Lugo e por extensión, ao conxunto da nosa Comunidade.

A Xunta de Galicia, como titular da Muralla, vén impulsando diversas iniciativas que contribúen á rehabilitación deste monumento e á conservación das súas estruturas (entre as máis recentes as obras executadas dos cubos LXXX, LXX, LXXI e XIX) pero tamén hai proxectados novos traballos de conservación.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

En que consistiron as obras de conservación executadas nos últimos dous anos na Muralla Romana?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/04/2019 12:55:59

Jaime Castiñeira Broz na data 30/04/2019 12:56:07

María Antón Vilasánchez na data 30/04/2019 12:56:12

Teresa Egerique Mosquera na data 30/04/2019 12:56:27



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 30/04/2019 12:58:42
Nº Registro: 49498
Data envío: 30/04/2019 12:58:42.439

César Manuel Fernández Gil na data 30/04/2019 12:56:37

Carlos Gómez Salgado na data 30/04/2019 12:56:40

María Isabel Novo Fariña na data 30/04/2019 12:56:48

Antonio Mouriño Villar na data 30/04/2019 12:56:58

Martín Fernández Prado na data 30/04/2019 12:57:06



CSV XERXISTRO QLOUWOTa96
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.6 44092(10/POP-005272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, 423, 31.01.2019

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 10 de novembro de 2017 publicouse no DOG o decreto 105/2017 de 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu capítulo II refírese aos “tempos máximos de acceso e sistema de garantías”.

Así, no seu artigo 5 establece que para os procedementos e situacións clínicas que se determinen no seu desenvolvemento regulamentario, as persoas que requiran atención sanitaria hospitalaria de carácter programado e non urxente terán garantida esa atención nuns tempos máximos mais reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Os, ata o de agora, 180 días das normativas estatais e galega, pasan a converterse nun máximo de 60 para cirurxías e 45 para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partir da data de inclusión no rexistro de pacientes en espera, creado nesta mesma lei de garantías, no seu artigo 29.

A lei consolida a gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta.

Transcorrido xa un tempo dende a publicación deste decreto, e da entrada en vigor do mesmo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre os resultados do cumprimento do decreto de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-YUELXZV6-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2019 10:39:55
Nº Rexistro: 44092
Data envío: 18/01/2019 10:39:55.819**

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 18/01/2019 10:21:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/01/2019 10:21:53

María Ángeles García Míguez na data 18/01/2019 10:21:59

Marta Rodríguez Arias na data 18/01/2019 10:22:05

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 18/01/2019 10:22:17

María Soraya Salorio Porral na data 18/01/2019 10:22:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/01/2019 10:22:34

Raquel Arias Rodríguez na data 18/01/2019 10:22:42

Sandra Vázquez Dominguez na data 18/01/2019 10:22:49



**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.7 50005(10/POP-005939)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:51:35
Nº Rexistro: 50005
Data envío: 16/05/2019 17:51:35.130

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

Estamos ás portas do verán e asistimos de novo ao anuncio do peche de camas por parte do Sergas. Vemos polo tanto como a Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significará unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre@s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados e aumento das xa abultadas listas de espera.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público,

CSM-REXISTRO06p1fzSKMf5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:51:35
Nº Rexistro: 50005
Data envío: 16/05/2019 17:51:35.130

impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas e non substituíndo ao persoal mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

CSX: REXISTROq0IF-zSMf5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2019 17:51:35
Nº Registro: 50005
Data envío: 16/05/2019 17:51:35.130

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2019 17:49:20

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2019 17:49:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2019 17:49:27

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2019 17:49:28

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2019 17:49:29

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2019 17:49:31

CSX: REXISTROqJF-zSMf5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.8 50489(10/PUP-000253)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 4 máis

Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Vero e Flora Miranda Pena, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA URXENTE para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola convocatoria de folga no sector das emerxencias.

Nos últimos meses vimos de sufrir, pola falla de dilixencia e previsión da Xunta de Galicia, distintas folgas no servizo de emerxencias de Galicia.

Dunha banda, a folga dos traballadores e traballadoras do 112 por sobrecarga de traballo, a folga dos traballadores e traballadoras do 061, e traballadores e traballadoras do transporte sanitario en Galicia que se solventou temporalmente ca firma do novo convenio colectivo ata 2022 no marco dun preacordo acadado entre a patronal do sector das ambulancias e os representantes sindicais e, doutra banda, voltamos a ter no mes de maio novos paróns do sector pero, neste caso, dos pilotos de emerxencias, con paros o 23, e do 27 ao 30 de maio, convocados polos sindicatos Sepla, Asetma e UXT, e dos traballadores de Babcock (antiga Inaer) que operan cos helicópteros de emerxencia - entre eles os Pesca 1 e o Pesca 2 e os Helimer con base en Alvedro e Santiago - que comezaron as xornadas de folga como protesta pola rebaixa salarial platexada pola compañía, que pretende recortar o soldo dos empregados entre un 13 e un 30 %.

Estamos a falar dun servizo esencial para a poboación, do que depende tanto o seu benestar e seguridade, como a súa vida; polo que consideramos urxente que a Xunta de Galicia, pola súa responsabilidade directa na xestión da prestación





dos servizos, garanta a súa calidade.

Polo anterior, presentase a seguinte Pregunta:

-En que fase se atopan todos estes procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector de emerxencias de Galicia para a adopción de medidas por parte da Xunta resolutivas de tantos conflitos abertos de xeito que se garanta o desenvolvemento dunha prestación digna das emerxencias sanitarias aos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Paula Quinteiro Araújo

Paula Vázquez Verao

Flora Miranda Pena

Vicevoceira e deputadas do G.P. de En Marea.

CSV: REXISTRO9128MK6C5
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 18:20:19
Nº Rexistro: 50489
Data envío: 03/06/2019 18:20:19.911



Carmen Santos Queiruga na data 03/06/2019 18:17:13

Eva Solla Fernández na data 03/06/2019 18:17:39

Paula Quinteiro Araújo na data 03/06/2019 18:17:58

Paula Vázquez Verao na data 03/06/2019 18:18:10

Flora María Miranda Pena na data 03/06/2019 18:18:25

CSV, EXISTE FROBIZMKB05
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.9 48503(10/POP-005794)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A conciliación da vida persoal, familiar e laboral real é un dos retos fundamentais da sociedade actual e un dos piares básicos para favorecer a natalidade e o crecemento demográfico. As políticas de conciliación permiten compatibilizar o desenvolvemento dunha traxectoria profesional completa e satisfactoria coa atención e o coidado de fillos e fillas e/ou familiares así como o tempo para o lecer, o descanso ou a formación.

A corresponsabilidade entre ambos membros da parella fomenta a harmonía entre a vida laboral, familiar e persoal, ao compartirse de forma equitativa as obrigas familiares e do fogar e favorecer a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. A conciliación corresponsable é unha necesidade especialmente para as mulleres, que en moitas ocasións se ven obrigadas a renunciar aos seus proxectos laborais e vitais para atender aos fillos e fillas e á familia, o que se converte nun dos principais atrancos para rachar coas desigualdades de xénero.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no 2016 un total de 910 persoas acolléronse en Galicia a unha excedencia por coidado de fillas e fillos pequenos, e o 91,65% eran mulleres. Do mesmo xeito, un 85,45% de mulleres (179.100), asumiron as responsabilidades doméstico-familiares como única ocupación fronte a un 14,55% de homes. En canto á solicitude de excedencias en Galicia por coidado de familiares, das 194 concedidas no 2016, o 77% foran solicitadas por mulleres.

No 2017, atendendo aos resultados da enquisa estrutural de fogares sobre o coidado de menores e conciliación familiar do IGE, o número de solicitudes de redución de xornada de traballo para atender a menores de 13 anos foi de 39.470, cun reparto desigual entre sexos, de xeito que 7 de cada 10 persoas que se acolleron a esta medida eran mulleres (o 14,85% fronte ao 5,06%).



O apoio ás familias e ás políticas de fomento da conciliación resultan vitais para conseguir un reparto equilibrado entre as obrigas profesionais e persoais a través de recursos de conciliación, axudas económicas, beneficios fiscais, e outras medidas para facilitar a crianza dos fillos e fillas.


Por este motivo a Xunta ten deseñado unha estratexia global para a construción dun marco favorable para as familias, especialmente para as que máis apoio e soporte precisan. Nesta liña enmárcanse as medidas de impulso demográfico do Plan Estratéxico de Galicia, o Plan de Conciliación e Corresponsabilidade ou o Programa de Apoio á Natalidade (PAN GALICIA) no que se inclúen a Tarxeta Benvída, o Bono Coidado ou o Bono Concilia.

No caso do Bono Concilia, trátase dunha axuda económica para que as familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar aos seus fillos e fillas a outro centro. Unha medida que no curso pasado acadou os 3.700 beneficiarios e que se volveu convocar no presente curso escolar para posibilitar que todas as familias dispoñan dun recurso de conciliación. A achega orzamentaria estableceuse inicialmente nos 3,5 millóns de euros, unha partida flexible que se pode incrementar en función da demanda tal e como consta na propia orde publicada no DOG. De feito, o Goberno galego ven de aprobar no mes de novembro unha ampliación de crédito para o Bono Concilia de 1,3 millóns de euros.

Polo impacto positivo que terá o Bono Concilia nas familias galegas, e pola súa transcendencia á hora de favorecer a conciliación da vida laboral e persoal, a igualdade e o benestar das familias, así como o apoio á natalidade os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno desta medida de conciliación en relación o Bono Concilia?

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2019



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:19:08
Nº Rexistro: 48503
Data envío: 02/04/2019 12:19:08.246

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2019 12:10:51

Marta Rodriguez Arias na data 02/04/2019 12:11:00

María Ángeles Garcia Míguez na data 02/04/2019 12:11:08

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 02/04/2019 12:11:14


María Encarnación Amigo Díaz na data 02/04/2019 12:11:19

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 02/04/2019 12:11:26

María Soraya Salorio Porral na data 02/04/2019 12:11:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/04/2019 12:11:43

Sandra Vázquez Dominguez na data 02/04/2019 12:11:54



CSV: A1/EqDmj1

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 11.06.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.10 49419(10/POP-005889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Todo o que ten a ver coa xestión dos helicópteros de salvamento marítimo, e a xestión do servizo por parte da Xunta nos últimos anos, non so é un despropósito se non un exemplo da deixadez e mal facer da conselleira responsable.

Recordemos que dende a Consellería do Mar, vendeuse a necesidade de enaxenar os bens que tiñamos para o salvamento aéreo co obxectivo, segundo palabras da conselleira, de acadar novos e mellores dispositivos, non so non temos mellores equipos, os equipos da empresa concesionaria son os mesmos dos que dispoñía a Xunta, se non que incrementamos os custes do servizo para ter un helicópteros que estaban obsoletos en palabras da Conselleira ala polo 2015.

Esta semana tivemos coñecemento que os profesionais da empresa Babcock denunciaban a intención da empresa de reducir drasticamente os seus salarios e, polo tanto, empeorar a calidade do servizo. Esta situación debe abordarse de forma inmediata polo Goberno para evitar un novo retroceso nas condicións do servizo que poida supoñer riscos inaceptables para un servizo como o salvamento marítimo

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2019 11:07:58
Nº Rexistro: 49419
Data envío: 25/04/2019 11:07:58.843



Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar as intencións da empresa concesionaria do salvamento marítimo que pretende deteriorar as condicións laborais do servizo?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/04/2019 11:06:00

Paula Quinteiro Araújo na data 25/04/2019 11:06:08

